

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE XUSTIZA

13384 *Real decreto 1026/2011, do 15 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do mutualismo xudicial.*

Son varias as razóns que avalan o ditado do Regulamento xeral do mutualismo xudicial que se aproba con este real decreto. En primeiro lugar, a disposición derradeira segunda do texto refundido das disposicións legais vixentes sobre o réxime especial da Seguridade Social do persoal ao servizo da Administración de xustiza, aprobado por Real decreto legislativo 3/2000, do 23 de xuño, faculta o ministro de Xustiza, logo de informe, se é o caso, dos ministerios de Economía e Facenda e de Traballo e Inmigración no ámbito das súas respectivas competencias, para ditar ou propor ao Goberno, segundo proceda, as normas de aplicación e desenvolvemento do propio texto refundido.

Pola súa vez, o réxime orgánico da Mutualidade Xeral Xudicial establecido no xa antigo Real decreto 3283/1978, do 3 de novembro, foi substituído polo Real decreto 1206/2006, do 20 de outubro, polo que se regulan a composición e funcións dos órganos de goberno, administración e representación da Mutualidade Xeral Xudicial, que deixou subsistentes as normas sobre persoas protexidas, afiliación, cotización, continxencias e prestacións e réximes financeiro e xurídico da Mutualidade contidas naquela regulación de 1978, e que se actualizan agora con este regulamento, que determinará a derogación, xa na súa totalidade, do anterior.

Tamén se debe ter en conta que, dun tempo a esta parte, se ditaron un conxunto de medidas legislativas e regulamentarias que afectan a Administración de xustiza, podendo citar como de singular relevancia a modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, operada a través da Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, que introduce importantes cambios na organización da oficina xudicial e, en xeral, nos corpos ao servizo da Administración de xustiza.

Finalmente, o obxectivo de modernizar e axilizar a xestión do servizo que se presta aos mutualistas constitúe tamén unha razón poderosa para ditar o novo regulamento, en cuxa redacción se tivo en conta a experiencia vivida nos procesos de reforma do mutualismo doutros réximes especiais da Seguridade Social, singularmente o dos funcionarios civís do Estado, sen prexuízo do respecto ás singularidades que presenta o mutualismo xudicial.

O texto do regulamento someteuse a informe dos ministerios de Política Territorial e Administración Pública, do Tribunal Constitucional, do Consello Xeral do Poder Xudicial, da Fiscalía Xeral do Estado, de asociacións profesionais e sindicatos, así como das consellerías afectadas das comunidades autónomas con competencias transferidas en materia de Administración de xustiza.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Xustiza, co informe preceptivo dos ministerios de Economía e Facenda, e de Traballo e Inmigración, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 15 de xullo de 2011,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do Regulamento do mutualismo xudicial.*

Apróbase o Regulamento do mutualismo xudicial, cuxo texto se insire a continuación.

Disposición derogatoria única. *Disposicións que se derrogan.*

1. Queda derogado o Real decreto 3283/1978, do 3 de novembro, polo que se aproba o Regulamento da Mutualidade Xeral Xudicial.

2. Igualmente, quedan derogadas as disposicións de igual ou inferior rango no que se opoñan a este real decreto e ao regulamento que mediante el se aproba.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este regulamento dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.17.^a da Constitución, que reserva para o Estado a competencia en materia de lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento do regulamento.*

Habílítase o ministro de Xustiza para ditar cantas disposicións requira a aplicación e desenvolvemento do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto e o regulamento que mediante el se aproba entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 15 de xullo de 2011.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Xustiza,
FRANCISCO CAAMAÑO DOMÍNGUEZ

REGULAMENTO DO MUTUALISMO XUDICIAL

Capítulo I. Disposicións xerais.

- Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación.
- Artigo 2. Mecanismos de cobertura do réxime especial da Seguridade Social do persoal ao servizo da Administración de xustiza.
- Artigo 3. Campo de aplicación do mutualismo xudicial.
- Artigo 4. A xestión do mutualismo xudicial.

Capítulo II. Da incorporación á Mutualidade e das persoas protexidas.

Sección 1.^a Da incorporación.

- Artigo 5. Obrigatoriedade.
- Artigo 6. Incorporación de oficio.
- Artigo 7. Incorporación por instancia de parte.
- Artigo 8. Documento de afiliación.

Sección 2.^a Das persoas protexidas.

- Artigo 9. Mutualistas titulares.
- Artigo 10. Altas.
- Artigo 11. Baixa, mantemento facultativo e suspensión da situación de alta.
- Artigo 12. Cambio de corpo e dereito de afiliación a máis dun réxime da Seguridade Social.
- Artigo 13. Persoal en prácticas.

Sección 3.^a Outros suxeitos protexidos polo mutualismo xudicial.

- Artigo 14. Beneficiarios dos mutualistas.
- Artigo 15. Beneficiarios en caso de falecemento, separación, divorcio ou nulidade de matrimonio do mutualista.
- Artigo 16. Recoñecemento e mantemento do dereito dos beneficiarios.
- Artigo 17. Acreditación dos beneficiarios.
- Artigo 18. Incompatibilidades.

Sección 4.^a Datos de carácter persoal.

- Artigo 19. Subministración de información.
- Artigo 20. Obrigas e dereitos referentes á información.

Capítulo III. Cotización.

Sección 1.^a Disposicións xerais.

- Artigo 21. Obriga de cotizar: obxecto.

Sección 2.^a Cotización individual do mutualista.

- Artigo 22. Suxeitos obrigados a cotizar.
- Artigo 23. Nacemento, duración e extinción da obriga de cotizar.
- Artigo 24. Contido da obriga de cotizar.
- Artigo 25. Cumprimento da obriga de cotizar.
- Artigo 26. Réxime xeral de cotización.
- Artigo 27. Réxime singular de cotización.
- Artigo 28. Pagamento das cotas durante o mantemento facultativo da alta.

Sección 3.^a Recadación das cotas en período voluntario e en vía executiva.

- Artigo 29. Competencia e formas de recadación.

- Artigo 30. Suxeitos responsables do ingreso das cotas en período voluntario.
 - Artigo 31. Prazo de ingreso.
 - Artigo 32. Recarga.
 - Artigo 33. Lugar de ingreso das cotizacións.
 - Artigo 34. Documentación dos ingresos.
 - Artigo 35. Xustificantes de pagamento.
 - Artigo 36. Control da recadación.
 - Artigo 37. Recadación en vía executiva.
 - Artigo 38. Devolución de cotas.
 - Artigo 39. Prescrición.
 - Artigo 40. Prelación de créditos.
- Sección 4.^a Da achega do Estado.
- Artigo 41. Importe.
 - Artigo 42. Procedemento.
 - Artigo 43. Subvención do Estado.
- Capítulo IV. Normas xerais da acción protectora.
- Sección 1.^a Réxime das prestacións.
- Artigo 44. Normas reguladoras da acción protectora.
 - Artigo 45. Continxencias protexidas.
 - Artigo 46. Prestacións.
 - Artigo 47. Caracteres das prestacións.
 - Artigo 48. Condicións do dereito ás prestacións.
 - Artigo 49. Recoñecemento do dereito ás prestacións.
 - Artigo 50. Adopción de medidas cautelares no mantemento do dereito á percepción das prestacións.
 - Artigo 51. Sucesión no exercicio dos dereitos.
 - Artigo 52. Prescrición do dereito ao recoñecemento das prestacións.
 - Artigo 53. Caducidade do dereito á percepción das prestacións.
 - Artigo 54. Reintegro de prestacións indebidas.
 - Artigo 55. Prescrición da obriga de reintegro.
 - Artigo 56. Aprazamento e fraccionamento da débeda.
- Sección 2.^a Conceptos de continxencias.
- Artigo 57. Concepto de accidente en acto de servizo.
 - Artigo 58. Concepto de enfermidade profesional.
 - Artigo 59. Recoñecemento dos dereitos derivados de enfermidade profesional e de accidentes en acto de servizo.
 - Artigo 60. Concepto de accidente e enfermidade comúns.
- Capítulo V. Prestacións en particular.
- Sección 1.^a Prestación sanitaria.
- Artigo 61. Obxecto e réxime xurídico da prestación sanitaria.
 - Artigo 62. Continxencias cubertas.
 - Artigo 63. Persoas protexidas da asistencia sanitaria por enfermidade e accidente comúns.
 - Artigo 64. Persoas protexidas da asistencia sanitaria por accidente en acto de servizo e enfermidade profesional.
 - Artigo 65. Nacemento e efectividade do dereito de asistencia sanitaria.
 - Artigo 66. Duración da asistencia sanitaria.

Artigo 67. Duración da asistencia sanitaria por accidente de servizo ou enfermidade profesional.

Artigo 68. Contido da asistencia sanitaria por enfermidade e accidente comúns.

Artigo 69. Contido da asistencia sanitaria por maternidade.

Artigo 70. Contido da asistencia sanitaria por accidente en acto de servizo e enfermidade profesional.

Artigo 71. Asistencia sanitaria prestada en territorio nacional por medios propios ou concertados.

Artigo 72. Asistencia sanitaria prestada por medios alleos.

Artigo 73. Asistencia sanitaria prestada fóra do territorio nacional.

Artigo 74. Asistencia sanitaria aos mutualistas destinados no estranxeiro.

Artigo 75. Obrigas de mutualistas e beneficiarios que se despracen ao estranxeiro.

Artigo 76. Contido da prestación farmacéutica.

Artigo 77. Prescrición de medicamentos.

Artigo 78. Dispensación de medicamentos.

Artigo 79. Tipo de achega económica.

Artigo 80. Talonarios de receitas.

Artigo 81. Control e seguimento do consumo de medicamentos.

Sección 2.^a Prestacións por incapacidade temporal e por risco durante o embarazo ou a lactación natural.

Artigo 82. Situación de incapacidade temporal.

Artigo 83. Actuacións dos órganos de persoal.

Artigo 84. Duración da situación de incapacidade temporal.

Artigo 85. Extinción da situación de incapacidade temporal.

Artigo 86. Prestación económica.

Artigo 87. Beneficiarios do subsidio por incapacidade temporal.

Artigo 88. Nacemento e duración do dereito ao subsidio.

Artigo 89. Extinción do dereito ao subsidio.

Artigo 90. Denegación, anulación e suspensión do dereito ao subsidio.

Artigo 91. Contía do subsidio.

Artigo 92. Réxime de incompatibilidades do subsidio por incapacidade temporal.

Artigo 93. Situación de risco durante o embarazo ou durante a lactación natural.

Sección 3.^a Prestacións por incapacidade permanente, grande invalidez e lesións permanentes non invalidantes.

Artigo 94. Incapacidade permanente.

Artigo 95. Grande invalidez.

Artigo 96. Declaración e revisión da grande invalidez.

Artigo 97. Recoñecemento, anulación, suspensión e extinción do dereito á prestación.

Artigo 98. Prestación económica por grande invalidez.

Artigo 99. Efectos económicos da prestación por grande invalidez.

Artigo 100. Réxime de incompatibilidades.

Artigo 101. Lesións permanentes non invalidantes.

Sección 4.^a Prestacións sociais e asistencia social.

Artigo 102. Prestacións sociais.

Artigo 103. Asistencia ao xubilado.

Artigo 104. Prestación social de axuda por gastos de enterro.

Artigo 105. Programas sociosanitarios.

Artigo 106. Incompatibilidades das prestacións sociais.

Artigo 107. Asistencia social.

Artigo 108. Incompatibilidades da asistencia social.

- Sección 5.^a Prestacións de protección á familia.
- Artigo 109. Clases de prestacións de protección á familia.
 - Artigo 110. Prestación por fillo a cargo con discapacidade.
 - Artigo 111. Subsidio especial por maternidade ou paternidade no suposto de acollemento, adopción ou parto múltiple.
 - Artigo 112. Beneficiarios do subsidio.
 - Artigo 113. Contía do subsidio.
 - Artigo 114. Prestación económica de pagamento único por parto ou adopción múltiple.
 - Artigo 115. Beneficiarios da prestación.
 - Artigo 116. Contía da prestación.
 - Artigo 117. Normas xerais para as prestacións de adopción ou parto múltiple.
 - Artigo 118. Prestación económica de pagamento único por nacemento ou adopción de fillo en supostos de familias numerosas ou monoparentais e nos casos de nais discapacitadas.
- Capítulo VI. Normas estatutarias da Mutualidade Xeral Xudicial.
- Sección 1.^a Natureza e normativa aplicable.
- Artigo 119. Natureza e normativa aplicable.
- Sección 2.^a Réxime económico.
- Artigo 120. Patrimonio da Mutualidade.
 - Artigo 121. Recursos económicos.
 - Artigo 122. Sistema financeiro.
- Sección 3.^a Réxime orzamentario, contable, de intervención e de control.
- Artigo 123. Orzamentos.
 - Artigo 124. Tesouraría.
 - Artigo 125. Créditos ampliáveis.
 - Artigo 126. Operacións de crédito a curto prazo.
 - Artigo 127. Gastos de administración.
 - Artigo 128. Contas anuais.
- Sección 4.^a Réxime de contratación.
- Artigo 129. Contratación.
- Sección 5.^a Adquisición, administración e disposición dos bens patrimoniais.
- Artigo 130. Normativa aplicable.
 - Artigo 131. Adquisición a título oneroso dos bens inmobles.
 - Artigo 132. Arrendamentos e outras formas de explotación de bens.
 - Artigo 133. Alleamento de bens inmobles.
- Capítulo VII. Recursos e réxime xurisdiccional.
- Artigo 134. Recursos e réxime xurisdiccional.
 - Artigo 135. Prazos para resolver e notificar.
- Capítulo VIII. Infraccións e sancións.
- Artigo 136. Disposicións xerais.
 - Artigo 137. Infraccións dos mutualistas e beneficiarios.
 - Artigo 138. Sancións aos mutualistas e beneficiarios.
 - Artigo 139. Infraccións do persoal ao servizo das administracións públicas que actúen en materia de mutualismo xudicial.

Artigo 140. Procedemento.

Artigo 141. Recursos e prescrición.

Disposición adicional primeira. Fondo Especial.

Disposición adicional segunda. Colexiados en colexios profesionais.

Disposición adicional terceira. Membros das carreiras, corpos e escalas da Administración de xustiza que exercesen o dereito de transferencia á Unión Europea para efectos de dereitos pasivos.

Disposición adicional cuarta. Réxime das prestacións familiares por discapacidade a extinguir e outras.

Disposición adicional quinta. Cesión de datos entre a Mutualidade Xeral Xudicial e as comunidades autónomas.

Disposición adicional sexta. Tramitación e obtención dos partes de incapacidade temporal, risco durante o embarazo ou risco durante a lactación natural por medios electrónicos.

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

Este regulamento ten por obxecto o desenvolvemento e execución do texto refundido das disposicións legais vixentes sobre o réxime especial da Seguridade Social do persoal ao servizo de Administración de xustiza, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2000, do 23 de xuño, en diante, texto refundido.

Artigo 2. *Mecanismos de cobertura do réxime especial da Seguridade Social do persoal ao servizo da Administración de xustiza.*

1. O réxime especial da Seguridade Social do persoal ao servizo da Administración de xustiza queda integrado polos mecanismos de cobertura establecidos no artigo 3 do texto refundido, que son:

- a) o réxime de clases pasivas e
- b) o mutualismo xudicial.

2. Non obstante o anterior, o persoal ao servizo da Administración de xustiza que ingresou a partir do 1 de xaneiro de 2011 quedará integrado no réxime xeral da Seguridade Social para os efectos exclusivos de pensións, de acordo co disposto no artigo 20. Un do Real decreto lei 13/2010, do 3 de decembro, de actuacións no ámbito fiscal, laboral e liberalizadoras para fomentar o investimento e a creación de emprego.

Artigo 3. *Campo de aplicación do mutualismo xudicial.*

Quedan obrigatoriamente incluídos no campo de aplicación do mutualismo xudicial:

a) Os membros das carreiras xudicial e fiscal, os funcionarios de carreira do corpo de secretarios xudiciais, de médicos forenses, de xestión procesual e administrativa, de tramitación procesual e administrativa e de auxilio xudicial, así como dos restantes corpos e escalas ao servizo da Administración de xustiza, calquera que for o seu lugar de destino e a Administración pública que, se é o caso, teña asumida a súa xestión.

b) Os funcionarios en prácticas, aspirantes ao ingreso nas carreiras e corpos a que se refire a letra anterior, na forma que se determine neste regulamento.

c) Os letrados de carreira que integran o corpo de letrados do Tribunal Constitucional.

d) Os membros dos corpos profesionais extinguidos ou integrados que conserven o dereito a pertencer a esta Mutualidade Xeral Xudicial.

O persoal ao servizo da Administración de xustiza a que se refire a letra a) que pase a desempeñar destino ou exercer funcións como suplente, substituto ou interino nas carreiras xudicial e fiscal, no corpo de secretarios xudiciais ou nos demais corpos ao servizo da Administración de xustiza, manterá a súa inclusión obrigatoria no campo de aplicación do mutualismo xudicial.

Artigo 4. *A xestión do mutualismo xudicial.*

O sistema de mutualismo xudicial a que se refire este regulamento xestiónase e préstase, de forma unitaria, para todos os membros das carreiras, corpos e escalas da Administración de xustiza e para o corpo de letrados do Tribunal Constitucional incluídos no seu campo de aplicación, sen prexuízo da regulación que dos seus órganos de goberno, administración e representación contén o Real decreto 1206/2006, do 20 de outubro.

A xestión do mutualismo xudicial corresponde á Mutualidade Xeral Xudicial.

CAPÍTULO II

Da incorporación á Mutualidade e das persoas protexidas

Sección 1.^a Da incorporación

Artigo 5. *Obrigatoriedade.*

A incorporación á Mutualidade Xeral Xudicial será obrigatoria para o persoal incluído no seu campo de aplicación desde o momento da toma de posesión na carreira, corpo ou escala ou desde o inicio do período de prácticas. A dita incorporación, de carácter único e permanente, producirá efectos no sistema da Seguridade Social, sen prexuízo das altas e baixas, así como das variacións que se poidan producir con posterioridade a ela.

Así mesmo, a incorporación á Mutualidade Xeral Xudicial manterase cando o persoal ao servizo da Administración de xustiza xa incluído no mutualismo xudicial pase a desempeñar destino ou exercer funcións como suplente, substituto ou interino nas carreiras xudicial e fiscal, no corpo de secretarios xudiciais ou nos demais corpos ao servizo da Administración de xustiza.

Artigo 6. *Incorporación de oficio.*

1. Dado o carácter obrigatorio da incorporación, esta levarase a cabo de oficio e, no seu defecto, por instancia do interesado. Seguirase o mesmo procedemento para as altas, baixas e cambios de situación administrativa.

2. A actuación de oficio producirase no prazo dun mes desde que se reciba a comunicación dos órganos competentes en materia de persoal que formalicen a toma de posesión do persoal de carreira incluído no ámbito de aplicación do mutualismo xudicial, o nomeamento de funcionarios en prácticas incluídos no mesmo ámbito, así como o cambio de situación administrativa, a xubilación e, en xeral, os actos administrativos que alteren ou modifiquen datos referidos á incorporación á Mutualidade Xeral Xudicial.

3. Os dereitos e obrigas respecto á Mutualidade Xeral Xudicial entenderanse, en todo caso, referidos á data dos actos e situacións indicados no número anterior. As baixas entenderanse igualmente referidas á data do feito causante delas, e deberán ser notificadas aos interesados, que as poderán impugnar ante o órgano que proceda.

Artigo 7. *Incorporación por instancia de parte.*

1. Non obstante o disposto no artigo anterior, os interesados promoverán directamente ante a Mutualidade a súa incorporación, alta ou baixa e comunicarán o seu cambio de situación administrativa ou pase á xubilación no caso de que, por algunha

circunstancia, aquelas non tivesen lugar de oficio dentro do prazo establecido no número 2 do artigo anterior.

2. A incorporación ou a continuidade na alta dos mutualistas voluntarios será promovida directamente ante a Mutualidade polos interesados.

Artigo 8. *Documento de afiliación.*

A incorporación á Mutualidade e a condición de afiliado a este réxime especial da Seguridade Social acreditarase mediante o correspondente documento de afiliación, no cal constarán os datos persoais e administrativos do mutualista, o seu número de afiliación, que ten carácter permanente e propio deste réxime especial da Seguridade Social, así como os beneficiarios, se é o caso.

Sección 2.^a Das persoas protexidas

Artigo 9. *Mutualistas titulares.*

Son mutualistas titulares, cos dereitos e obrigas que se sinalan no texto refundido e neste regulamento, os membros das carreiras, corpos e escalas enumerados no artigo 3 deste regulamento, que conservarán a mesma condición de mutualistas titulares cando sexan declarados xubilados e reúnan os requisitos que se establecen no número 3 do artigo 10 deste regulamento.

Artigo 10. *Altas.*

1. Estarán en alta obrigatoriamente na Mutualidade Xeral Xudicial os membros que integran as carreiras, corpos e escalas enumerados no artigo 3 deste regulamento que se encontren en servizo activo, desde o momento da toma de posesión, ben cando adquiran a condición de funcionarios en prácticas ou de funcionarios de carreira, ben cando sexan rehabilitados na dita condición ou reingresen ao servizo activo ou pasen a desempeñar destino ou exercer funcións como suplente, substituto ou interino nas carreiras xudicial e fiscal, no corpo de secretarios xudiciais ou nos demais corpos da Administración de xustiza.

2. Conservarán a condición de mutualista en alta obrigatoria, cos mesmos dereitos e obrigas que na situación de servizo activo, os membros das carreiras, corpos e escalas enumerados no artigo 3 deste regulamento cando pasen a algunha das seguintes situacións:

a) Servizos especiais, salvo o persoal incluído neste réxime especial que se encontre na situación de servizos especiais por prestar servizos como persoal da Administración da Unión Europea ou doutra organización internacional en que España sexa parte e que estean acollidos obrigatoriamente ao réxime de previsión da mencionada organización, mentres dure a dita situación; e o que exerza o dereito de transferencia establecido no artigo 11.2 do anexo VIII do Estatuto dos funcionarios das Comunidades Europeas, aprobado polo Regulamento 259/1968, do Consello, do 29 de febreiro.

- b) Excedencia por coidado de fillos ou familiares e por razón de violencia de xénero.
- c) Suspensión provisional ou firme de funcións.

3. Igualmente, estarán en alta obrigatoria na Mutualidade os membros xubilados das carreiras, corpos e escalas incluídos no ámbito de aplicación deste réxime especial, en calquera dos seguintes supostos:

- a) Que procedan das situacións administrativas a que se refiren os números 1 e 2 anteriores, coas excepcións que se conteñen na letra a) do dito número 2.
- b) Que mantivesen a alta voluntaria segundo o indicado no artigo 7, número 2.
- c) Que perciban pensión do réxime de clases pasivas causada na súa condición de persoal incluído no ámbito de aplicación deste regulamento.

4. Tamén estarán en alta obrigatoria na Mutualidade os membros das carreiras, corpos e escalas incluídos no ámbito de aplicación deste réxime especial que, tendo perdido a condición de funcionarios, causen pensión de clases pasivas.

Artigo 11. *Baixa, mantemento facultativo e suspensión da situación de alta.*

1. Causarán baixa como mutualistas obrigatorios os membros das carreiras, corpos e escalas enumerados no artigo 3:

a) Que pasen á situación de excedencia voluntaria, en calquera das súas modalidades, con excepción das concedidas para o coidado de fillos e de familiares.

b) Que perdan a condición que dá acceso a ser mutualista, calquera que sexa a causa.

c) Que exerzan o dereito de transferencia establecido no artigo 11.2 do anexo VIII do Estatuto dos funcionarios da Comunidades Europeas, aprobado polo Regulamento 259/1968, do Consello, do 29 de febreiro.

d) Que deixen de desempeñar destino ou exercer funcións como suplentes, substitutos ou interinos nas carreiras xudicial e fiscal, no corpo de secretarios xudiciais ou nos demais corpos ao servizo da Administración de xustiza e non reingresen no corpo de orixe na Administración de xustiza.

2. Non obstante o disposto no número precedente, poderán manter facultativamente a situación de alta como mutualistas voluntarios, con igualdade de dereitos, os membros das carreiras, corpos e escalas a que se refiren as letras a), b) e c) do número 1 deste artigo, sempre que aboem a cotización correspondente ao mutualista e a achega do Estado.

3. O anterior dereito de opción deberá ser exercido polo propio interesado ante a Mutualidade, no prazo dun mes, a partir da data en que se efectúe a notificación do acordo ou da declaración de excedencia voluntaria, da perda da condición de membro das carreiras, corpos e escalas da Administración de xustiza, ou do exercicio do dereito de transferencia establecido no artigo 11.2 do anexo VIII do Estatuto dos funcionarios das Comunidades Europeas, aprobado polo Regulamento, do Consello, do 29 de febreiro, e causará baixa, en caso de non exercelo, con efectos desde a data do feito causante.

4. Se non se exercese o dereito de opción no prazo sinalado ou se perdesse posteriormente, por renuncia ou impago das cotas, segundo o disposto neste regulamento, non se poderá instar nin recuperar a condición de mutualista con carácter voluntario.

5. Non corresponderá o dereito de opción a aqueles mutualistas que pasen a excedencia voluntaria como consecuencia do paso a outra carreira, corpo ou escala da Administración de xustiza incluído no ámbito de aplicación deste regulamento.

6. Poderán optar por suspender a alta na Mutualidade Xeral Xudicial, e cesar nos seus dereitos e obrigas respecto a ela, os membros das carreiras, corpos e escalas incluídos neste réxime especial que se encontren en situación de servizos especiais por prestaren servizos como persoal da Administración da Unión Europea ou doutra organización internacional en que España sexa parte e que estea acollido obrigatoriedade ao réxime de previsión da mencionada organización, mentres dure esa situación, deixando de producir efectos a suspensión cando cese a situación que a motivou.

Artigo 12. *Cambio de corpo e dereito de afiliación a máis dun réxime da Seguridade Social.*

1. No suposto de que un mutualista ingrese noutra carreira, corpo ou escala incluído no ámbito de aplicación deste regulamento manterá a súa situación de alta na Mutualidade, e rexistraranse as variacións inherentes ao dito cambio para efectos da correspondente cotización.

2. Cando unha única prestación de servizos sexa causa de inclusión obrigatoria neste réxime especial e noutro ou noutros réximes da Seguridade Social, poderase optar, por unha única vez, por pertencer exclusivamente ao regulado neste regulamento. Se a

dobre afiliación afectase este e outro réxime especial de funcionarios, poderase optar, tamén por unha única vez, por pertencer a calquera dos dous.

3. Cando un mutualista ocupe varias prazas que teñan legalmente establecida a súa compatibilidade, causará alta a través daquela pola que perciba as retribucións básicas.

Artigo 13. *Persoal en prácticas.*

1. O persoal en prácticas que aspire a ingresar nalgunha carreira, corpo ou escala dos sinalados na letra a) do artigo 3 deste regulamento, quedará incluído no ámbito de aplicación do mutualismo xudicial nas mesmas condicións que o persoal de carreira ata a data da súa toma de posesión como tal, e será afiliado á Mutualidade Xeral Xudicial con efectos do día do inicio do período de prácticas, salvo que xa tivese a condición de mutualista.

2. Os membros das carreiras, corpos e escalas en prácticas que non cheguen a alcanzar a condición de persoal de carreira causarán baixa na Mutualidade, coa excepción prevista no número anterior.

Sección 3.^a Outros suxeitos protexidos polo mutualismo xudicial

Artigo 14. *Beneficiarios dos mutualistas.*

1. Poden ser incluídos como beneficiarios do mutualismo xudicial os familiares ou asimilados a cargo dun mutualista en alta que, cumprindo os requisitos que se detallan no número 2 deste artigo, se relacionan a continuación:

a) O cónxuxe do mutualista, así como a persoa que conviva co mutualista en análoga relación de afectividade á de cónxuxe, cos requisitos establecidos no réxime xeral da Seguridade Social.

b) Os descendentes, tanto do titular como do cónxuxe, calquera que sexa a súa filiación legal, fillos adoptivos, irmáns e os acollidos de feito. Os descendentes e fillos adoptivos poderano ser de ambos os cónxuxes ou de calquera deles, e os fillos tamén da persoa que conviva co mutualista en análoga relación de afectividade á de cónxuxe cos requisitos establecidos no réxime xeral da Seguridade Social.

c) Os ascendentes, tanto do mutualista como do seu cónxuxe, e os cónxuxes por ulteriores nupcias de tales ascendentes.

d) Calquera outra persoa relacionada co mutualista que se determine no réxime xeral da Seguridade Social.

2. Os requisitos a que se alude no número anterior son os seguintes:

a) Vivir co titular do dereito e ás súas expensas. Non se apreciará falta de convivencia nos casos de separación transitoria e ocasional por razón de traballo, imposibilidade de encontrar vivenda no novo punto de destino e demais circunstancias similares.

b) Non percibir ingresos por rendementos derivados do traballo, do capital mobiliario, do capital inmobiliario ou de pensión, superiores ao dobre do indicador público de renda de efectos múltiples.

c) Non estar protexido, por título distinto, a través de calquera dos réximes que integran o sistema español da Seguridade Social, cunha extensión e contidos análogos aos establecidos no réxime xeral.

Artigo 15. *Beneficiarios en caso de falecemento, separación, divorcio ou nulidade de matrimonio do mutualista.*

1. En caso de falecemento do mutualista en alta, poderán pertencer ao mutualismo xudicial, en condición de mutualista por dereito derivado, sempre que cumpran o requisito

a que se refire a letra c) do número 2 do artigo anterior, os viúvos e viúvas, os orfos e orfas de mutualistas, activos e xubilados.

Para os efectos do previsto neste número, considéranse asimilados aos viúvos e viúvas os conviventes ou aqueles que perciban pensión de viuvez de clases pasivas por ter sido cónxuxes de mutualistas incluídos no campo de aplicación do mutualismo xudicial; e equiparado ao orfo o fillo menor de idade ou maior incapacitado que fose abandonado por pai ou nai mutualista, sempre que cumpran os requisitos sinalados no parágrafo anterior.

2. Igualmente, poderán conservar a condición de beneficiario do mutualismo xudicial, cos mesmos requisitos mencionados no número anterior, o cónxuxe que viva separado dun mutualista en alta ou cuxo matrimonio fose declarado nulo ou disolto por divorcio, e os fillos que convivan con aquel.

Artigo 16. *Recoñecemento e mantemento do dereito dos beneficiarios.*

1. O recoñecemento da condición de beneficiario compete á Mutualidade Xeral Xudicial.

2. A petición de recoñecemento da condición de beneficiario dos familiares ou asimilados que tivese ao seu cargo o titular do dereito formularaa el mesmo no momento da afiliación ou alta inicial, ou sucesivas altas ou en calquera momento posterior cando desexe incluír un novo beneficiario.

3. Os requisitos para ser beneficiario a que se refire este regulamento débense posuír no momento do recoñecemento do dereito e manter durante todo o tempo para conservar a dita condición. O dereito extinguirase cando deixe de cumprirse algún dos requisitos exixidos para ser beneficiario ou por renuncia, falecemento e, en todo caso, cando se extinga o do titular de que derive o seu dereito, salvo que, por falecemento do mutualista, quede subsistente o dereito dos beneficiarios segundo o previsto neste regulamento.

4. As variacións das circunstancias familiares que afecten o dereito dos beneficiarios deberán ser comunicadas polo mutualista titular á Mutualidade Xeral Xudicial dentro do mes seguinte á data en que se produzan. Se a variación comportase a baixa dun beneficiario, os gastos que se orixinen á Mutualidade polo seu mantemento como tal por encima do prazo sinalado poderán ser considerados, salvo causa xustificada, como indebidos, caso en que serán de aplicación os artigos 54 e 55 deste regulamento.

5. A Mutualidade Xeral Xudicial poderá comprobar, sempre que exista a autorización previa dos mutualistas e dos seus beneficiarios, o grao de parentesco e demais circunstancias dos beneficiarios por calquera medio admitido en dereito e especialmente a través do Rexistro Civil. Igualmente, poderá obter información do padrón municipal cando isto sexa necesario para acreditar o domicilio do beneficiario. Así mesmo, poderá solicitar a información que os organismos competentes dependentes do Ministerio de Economía e Facenda ou, se é o caso, das comunidades autónomas ou das deputacións forais lle faciliten, por petición propia, e de conformidade co establecido na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, relativa aos datos correspondentes aos niveis de renda e demais ingresos dos beneficiarios, co fin de verificar se aqueles cumpren en todo momento as condicións necesarias para a súa inclusión e mantemento en alta na Mutualidade. Tamén poderá solicitar información da Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou das comunidades autónomas para verificar que os beneficiarios cumpren o requisito de non estar amparados por outro réxime da Seguridade Social que lles xere dereito á asistencia sanitaria. Os organismos competentes expedirán gratuitamente as informacións ou certificacións que procedan.

Artigo 17. *Acreditación dos beneficiarios.*

1. A condición de beneficiario acreditarase mediante o documento de afiliación correspondente ao mutualista titular expedido pola Mutualidade Xeral Xudicial.

2. Nos casos de falecemento, separación, divorcio ou nulidade de matrimonio do mutualista, a Mutualidade Xeral Xudicial expedirá a favor do beneficiario un documento asimilado ao de afiliación previsto no artigo 8 deste regulamento. Se existisen varios beneficiarios do mesmo causante, terá a condición de titular do dito documento un deles, figurando o resto como beneficiarios e, se o dito titular perdese o dereito a ser beneficiario do mutualismo xudicial, pasará a ser titular do documento outro dos beneficiarios que conserve o dereito.

Artigo 18. *Incompatibilidades.*

1. A condición de beneficiario no ámbito do mutualismo xudicial resulta incompatible para a persoa que a posúa:

- a) Cun novo recoñecemento ou mantemento desa mesma condición doutro mutualista no mesmo ámbito.
- b) Coa condición de mutualista obrigatorio.
- c) Coa pertenza a outro réxime do sistema da Seguridade Social, xa sexa como titular ou beneficiario.

2. A incompatibilidade será absoluta nos casos de pertenza por título propio ao mutualismo xudicial ou a outro réxime do sistema da Seguridade Social. Porén, a persoa que puidese ter a condición de beneficiario de máis dun mutualista no ámbito do mutualismo xudicial, ou que puidese ter esa condición, tanto no dito ámbito como noutro réxime do sistema da Seguridade Social, deberá exercer a súa opción de inclusión respecto dun só titular do dereito.

Sección 4.^a Datos de carácter persoal

Artigo 19. *Subministración de información.*

1. O Rexistro Central de Persoal ao Servizo da Administración de Xustiza, de acordo coas previsións establecidas na Orde do Ministerio de Xustiza e Interior do 25 de abril de 1996 pola que se aproban as normas reguladoras do Rexistro Central de Persoal ao Servizo da Administración de Xustiza e o programa para a súa implantación, así como coas normas de coordinación coas restantes administracións públicas, facilitará mensualmente á Mutualidade Xeral Xudicial información sobre as anotacións inscritas no dito rexistro referidas ao persoal incluído dentro do ámbito de aplicación deste regulamento que, pola súa vez, estea afectado polo citado Rexistro Central de Persoal, en relación cos actos de toma de posesión, cambio de situación administrativa, perda da condición de funcionario ou xubilación. Igualmente, facilitará a información desta natureza en relación co dito persoal que, segundo a normativa de coordinación cos rexistros das restantes administracións públicas, reciba delas.

Así mesmo, os departamentos competentes do Consello Xeral do Poder Xudicial, do Tribunal Constitucional, da Fiscalía Xeral do Estado, do Ministerio de Xustiza e das comunidades autónomas, en relación co persoal que xestiona cada un deles e que estea incluído no ámbito de aplicación deste regulamento, comunicarán mensualmente á Mutualidade Xeral Xudicial os datos referidos aos actos de toma de posesión, cambio de situación administrativa, perda da condición de funcionario ou xubilación.

2. De conformidade co disposto no número 2 do artigo 31 da Lei 42/1994, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, os encargados do Rexistro Civil, a través da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado e na forma que se determine regulamentariamente, remitirán á Mutualidade Xeral Xudicial dentro do prazo de tres meses a partir da data en que acaezan os feitos respectivos, os datos persoais informatizados de todas as defuncións, así como dos matrimonios das persoas viúvas.

3. A Mutualidade Xeral Xudicial disporá, así mesmo, da información que os organismos competentes dependentes do Ministerio de Economía e Facenda ou, se é o caso, das

comunidades autónomas ou das deputacións forais lle faciliten, dentro de cada exercicio anual, por petición propia, e de conformidade co establecido na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, sempre que exista a autorización previa dos obrigados tributarios a que se refiren os datos subministrados, relativa aos datos correspondentes aos niveis de renda e demais ingresos dos titulares de prestacións, en canto determinen o dereito a estes, así como dos beneficiarios, cónxuxes e outros membros das unidades familiares, sempre que se deban ter en conta para o recoñecemento, mantemento ou contía das ditas prestacións, co fin de verificar se aqueles cumpren en todo momento as condicións necesarias para a percepción das prestacións e na contía legalmente establecida.

4. Os mutualistas están obrigados a comunicar os datos así como as variacións que se produzan nestes, que deban constar na base de datos da Mutualidade Xeral Xudicial, por afectar a súa relación co mutualismo xudicial, dentro do mes seguinte á data en que se produzan. Pola súa parte, a Mutualidade poderá solicitar dos interesados a achega dos datos que sexan adecuados, necesarios ou pertinentes en relación co ámbito e finalidades do organismo, e aqueles están obrigados a facilitalos. As mesmas obrigas deste punto recaerán nos beneficiarios incluídos no artigo 15.2 deste regulamento. Se, transcorrido o dito prazo, os interesados non comunicaron as variacións, a Mutualidade actuará de oficio, cos datos subministrados polos organismos mencionados, segundo o establecido no artigo 6, número 2, deste regulamento.

5. Os datos a que se refiren os números anteriores deberán identificar, en todo caso, nome e apelidos, documento nacional de identidade, data de nacemento, domicilio e, para os funcionarios mutualistas, destino e carreira, corpo ou escala que determine a súa pertenza á Mutualidade Xeral Xudicial.

Artigo 20. *Obrigas e dereitos referentes á información.*

1. O tratamento e cesión dos datos de carácter persoal por parte da Mutualidade Xeral Xudicial deberase efectuar, en todo momento, de acordo co que se establece na lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal e as súas disposicións de desenvolvemento.

2. Os afectados poderán exercer ante a Mutualidade Xeral Xudicial os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos nas disposicións vixentes en materia de protección de datos de carácter persoal.

CAPÍTULO III

Cotización

Sección 1.ª Disposicións xerais

Artigo 21. *Obriga de cotizar: obxecto.*

1. A cotización á Mutualidade Xeral Xudicial é obrigatoria.
2. A cotización comprende dúas achegas, que son:
 - a) A cota individual correspondente a cada mutualista.
 - b) A achega do Estado.

3. Estas achegas financiarán as prestacións a que se refire o artigo 46 deste regulamento, coa excepción das indicadas nas letras f) e g) do dito artigo.

Sección 2.ª Cotización individual do mutualista

Artigo 22. *Suxeitos obrigados a cotizar.*

1. Están obrigados a cotizar ao réxime especial da Seguridade Social do persoal ao servizo da Administración de xustiza os mutualistas en alta comprendidos no seu ámbito de aplicación e que estean nalgunha das seguintes situacións administrativas:

a) Servizo activo, tendo a consideración desta situación o desfrute de licenzas, incluída a situación de incapacidade temporal, ou por risco durante o embarazo ou durante a lactación natural.

b) Servizos especiais, tendo en conta o disposto no artigo 10, número 2.a) deste regulamento.

c) Suspensión provisional ou firme de funcións.

d) Persoal ao servizo da Administración de xustiza que pase a desempeñar destino ou exercer funcións como suplente, substituto ou interino nas carreiras xudicial e fiscal, no corpo de secretarios xudiciais ou nos demais corpos ao servizo da Administración de xustiza.

2. Quedan exceptuados da obriga de cotizar:

a) Os mutualistas xubilados.

b) Os mutualistas que se encontren na situación de excedencia para atender o coidado de fillos ou familiares.

3. Os mutualistas voluntarios están obrigados a cotizar mentres se encontren en situación de alta facultativa, na forma en que se determina nos artigos 9 e 10 do texto refundido e neste regulamento.

Artigo 23. Nacemento, duración e extinción da obriga de cotizar.

1. A obriga de cotizar nace desde a data de alta do interesado na Mutualidade Xeral Xudicial e mantense durante todo o tempo en que o afiliado se encontre dado de alta, sen prexuízo do establecido na letra b) do número 2 do artigo 22 precedente, e extinguirase pola súa baixa na Mutualidade. A comunicación á Mutualidade Xeral Xudicial da alta ou da baixa fóra do prazo sinalado no artigo 11.3 deste regulamento retrotraerá os seus efectos á data en que se producisen os supostos determinantes daquelas.

2. A cotización dos mutualistas voluntarios retrotraerá os seus efectos ao día seguinte ao da data da baixa como mutualistas obrigatorios.

3. A exención de cotización dos mutualistas xubilados terá efectos desde o mes seguinte ao feito causante.

Artigo 24. Contido da obriga de cotizar.

1. A cota indica o importe da obriga de cotizar á Mutualidade Xeral Xudicial durante o período de liquidación. A dita cantidade resulta da operación liquidadora de aplicar o tipo de cotización á base de cotización total ou reducida, determinados segundo o disposto no artigo 10 do texto refundido.

2. A cotización será mensual para os mutualistas en alta e o seu devengo terá lugar o último día de cada mes e, en caso de baixa do mutualista, na data de efectos desta, salvo que sexa por falecemento ou xubilación.

3. O período de liquidación estará referido a mensualidades naturais completas, aínda que o devengo e/ou o pagamento das cotas se efectúe por período distinto ao mes.

4. Para obter a liquidación mensual terase en conta o seguinte:

a) A base reguladora reducirase na mesma proporción que as retribucións, coa mesma data de efectos da redución destas, no caso de mutualistas aos cales calquera norma autorice a prestar servizo en réxime de xornada reducida, por tempo que previsiblemente non debe ser inferior ao ano.

b) As liquidacións mensuais referidas aos mutualistas no mes en que causen alta obrigatoria e no de baixa como mutualistas obrigatorios, sempre que non sexa por falecemento ou xubilación, calcularanse por días. Igual criterio se adoptará para os mutualistas que pasen á situación de excedencia para atender o coidado de fillos ou familiares e no mes en que, desde esa situación, pasen a outra con obriga de cotizar.

c) Tomarase como base de cotización dos membros das carreiras, corpos e escalas da Administración de xustiza en prácticas que xa tivesen a condición de mutualista en alta, a correspondente á opción exercida por este de percibir as retribucións do anterior ou da nova carreira, corpo ou escala, segundo a lexislación en materia de retribucións do dito persoal.

5. Para a obtención da cota dos mutualistas voluntarios terase en conta o disposto no artigo 10 do texto refundido e no artigo 28 deste regulamento, podéndose ratear en cada liquidación a parte de cota correspondente ás pagas extraordinarias.

Artigo 25. *Cumprimento da obriga de cotizar.*

1. O mutualista é o suxeito obrigado ao pagamento da cota individual.
2. A cota será aboada aplicando o réxime xeral ou singular de cotización, segundo proceda de acordo co que se dispón neste regulamento.

Artigo 26. *Réxime xeral de cotización.*

1. Están sometidos ao réxime xeral de cotización os mutualistas obrigatorios cuxas oficinas pagadoras ou servizos administrativos das administracións públicas e, se é o caso, órganos constitucionais ou outros organismos ou entidades do sector público a quen corresponda a xestión do dito persoal, reteñan da súa nómina o importe da cota da Mutualidade Xeral Xudicial.

2. Os respectivos órganos citados no número anterior deducirán mensualmente nas nóminas as cotas individuais correspondentes ao persoal en servizo activo ou en suspensión provisional de funcións.

3. Así mesmo, calquera dos órganos citados no número primeiro deste artigo, dos distintos organismos onde estean destinados os mutualistas que se encontren en situación de servizos especiais e en alta na Mutualidade Xeral Xudicial, reterá o importe da cota individual. No suposto de que a algún mutualista non se lle detraia a cota da retribución do posto de traballo efectivo que desempeñe, a retención practicaraa o órgano de persoal correspondente do organismo de orixe con cargo aos correspondentes trienios, se os percibe en contía suficiente. En caso contrario, o pagamento realizarase por medio do réxime singular de cotización que se recolle no artigo seguinte deste regulamento.

4. Queda suspendida a obriga de efectuar as retencións a que se refire o número 1 deste artigo respecto dos mutualistas obrigatorios nas seguintes situacións:

- a) Cando desfruten de licenza por asuntos propios.
- b) Cando estean na situación de suspensión firme de funcións.

5. Non obstante, as cotizacións dos mutualistas obrigatorios polos períodos recollidos no número anterior realizaranse desde a data en que se comece de novo a acreditarlles retribucións, descontando mensualmente, ata a total extinción do débito, unha cota corrente e outra atrasada. No caso de que desde estas situacións pasen a excedencia voluntaria, ou a calquera outra situación ou condición que non supoña a obriga de cotizar, deberán ingresar as cotizacións debidas. O ingreso destas cotas deberase realizar no prazo dun mes, desde a notificación da liquidación e o requirimento de pagamento por parte da Mutualidade e, en caso de incumprimento, procederáse á súa exacción pola vía de constrinximento.

Artigo 27. *Réxime singular de cotización.*

1. Están sometidos ao réxime singular de cotización:

a) Os mutualistas obrigatorios en alta en situación de servizos especiais aos cales non se lles practique a retención de cota na retribución do seu posto de traballo ou cargo efectivo que desempeñen, e non perciban trienios a través do seu destino de orixe, ou os perciban en contía insuficiente para cubrir a cotización que lles corresponda.

b) Os mutualistas que soliciten o mantemento facultativo da alta.

2. O réxime singular consiste no pagamento das cotas directamente polo mutualista mediante o procedemento que estableza a Mutualidade Xeral Xudicial.

Artigo 28. *Pagamento das cotas durante o mantemento facultativo da alta.*

O pagamento das cotas dos mutualistas que, de conformidade co previsto no artigo 7.2 deste regulamento, soliciten o mantemento da alta voluntaria realizarase a partir do feito causante e incluírá a cotización correspondente ao mutualista e a achega do Estado.

Sección 3.^a Recadación das cotas en período voluntario e en vía executiva

Artigo 29. *Competencia e formas de recadación.*

1. A xestión recadatoria das cotas correspondentes á cotización individual compete á Mutualidade Xeral Xudicial, conforme o disposto neste regulamento e nas normas que estableza o ministro de Xustiza.

2. A recadación das cotas poderase realizar, ben en período voluntario, ben, se é o caso, mediante o procedemento administrativo de constrinximento.

Artigo 30. *Suxeitos responsables do ingreso das cotas en período voluntario.*

1. Nos supostos a que se refire o artigo 26 deste regulamento, serán responsables do ingreso da cota as distintas oficinas pagadoras.

2. Nos supostos a que se refire o artigo 27 deste regulamento, serán responsables os propios mutualistas.

Artigo 31. *Prazo de ingreso.*

O ingreso das cotas levarase a cabo por mensualidades vencidas e nun só acto, e realizarase dentro do mes seguinte ao da correspondente liquidación e dedución en nómina, no caso do réxime xeral de cotización e dentro do mes seguinte ao do período a que corresponda o ingreso, no caso do réxime singular de cotización.

Artigo 32. *Recarga.*

1. As cotas ingresadas fóra de prazo polos suxeitos obrigados a que se refire o réxime singular de cotización incorrerán en recarga de mora segundo as seguintes regras:

a) Os ingresos efectuados dentro dos dous meses naturais seguintes á finalización do prazo establecido terán unha recarga do 5%.

b) Os ingresos que se efectúen transcorrido o prazo anterior e antes de se iniciar o procedemento administrativo de constrinximento terán unha recarga do 20%.

2. No suposto de mantemento facultativo da situación de alta, transcorridos seis meses desde o vencemento do prazo de ingreso a que se refire o artigo 31, sen que o interesado ingresase as cotas debidas coas súas correspondentes recargas, causará baixa na Mutualidade Xeral Xudicial, sen prexuízo de aboar as cotas debidas.

3. Cando, por erro ou omisión non culpable, o órgano de persoal correspondente non fixer a retención no prazo establecido no artigo 31, realizarase dentro do mes seguinte sen recarga.

Artigo 33. *Lugar de ingreso das cotizacións.*

A Mutualidade Xeral Xudicial determinará as entidades de crédito a través das cales se canalizará o ingreso das cotizacións a que se refiren os artigos 26 e 27 deste regulamento, para cuxo fin establecerán os oportunos concertos.

Artigo 34. *Documentación dos ingresos.*

1. O ingreso das cotas retidas polas habilitacións ou oficinas pagadoras levarase a cabo co cumprimento dos requisitos que estableza a Mutualidade Xeral Xudicial. A información que, con carácter mensual, deberán subministrar os habilitados e ordenantes dos pagamentos confeccionarase no soporte e coas especificacións técnicas que se sinalen e conterá, como mínimo, o número de cotizantes, nome, apelidos e NIF ou DNI, así como o desconto ou descontos efectuados a cada un deles. Igualmente, recollerá o detalle das habilitacións ou oficinas pagadoras a que corresponde o importe que se ingrese en cada caso.

2. Os ingresos das cotas que teñan que realizar directamente os mutualistas aos cales se aplica o réxime singular de cotización documentaranse mediante a xustificación que determine a Mutualidade Xeral Xudicial.

Artigo 35. *Xustificantes de pagamento.*

1. Os suxeitos obrigados ao ingreso directo na Mutualidade Xeral Xudicial conservarán os xustificantes de pagamento durante un prazo mínimo de catro anos.

2. Nas nóminas que confeccionen as habilitacións ou oficinas pagadoras especificarase necesariamente o importe das cotizacións descontadas aos mutualistas.

3. As habilitacións ou oficinas pagadoras conservarán durante o prazo sinalado no número 1 os documentos de cotización.

Artigo 36. *Control da recadación.*

1. O control dos ingresos efectuarao a Mutualidade Xeral Xudicial.

2. As cotas que resulten debidas á Mutualidade Xeral Xudicial, en virtude do control a que se refire o número anterior, orixinarán a súa liquidación de oficio e a cargo do suxeito obrigado ao seu pagamento.

Artigo 37. *Recadación en vía executiva.*

1. Vencidos os prazos establecidos no artigo 32 deste regulamento sen se teren satisfeito as cotas nin as recargas por mora, procederase á exacción mediante o procedemento administrativo de constrinximento, que se levará a cabo de acordo co previsto no Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, e disposicións complementarias.

2. As relacións certificadas de débedas impagadas en período voluntario serán expeditas polo xerente da Mutualidade Xeral Xudicial.

3. As custas e gastos que orixine a recadación en vía executiva serán por conta do debedor e obxecto da correspondente liquidación.

Artigo 38. *Devolución de cotas.*

1. Os mutualistas obrigados ao pagamento das cotas resultantes da cotización individualizada e, se é o caso, as oficinas pagadoras, terán dereito á devolución total ou parcial das cotas ou dos excesos indebidos destas, que respondan a liquidacións erróneas ou indebidamente calculadas ou a un pagamento en exceso. O dereito á devolución prescribirá aos catro anos, computados a partir do día en que se realizou o pagamento indebido, e este prazo interromperase por calquera acto fidedigno do suxeito obrigado ou retedor dirixido a obter a devolución. Formarán parte da cotización que hai que devolver as recargas, xuros e custas que se satisfixesen cando o ingreso indebido se realizase mediante o procedemento administrativo de constrinximento, así como o xuro legal aplicado, se é o caso, ás cantidades ingresadas.

2. As peticións de devolución de cotas formularanas os interesados ante a Mutualidade Xeral Xudicial. A devolución poderá ser tamén acordada de oficio pola Mutualidade Xeral Xudicial.

Artigo 39. Prescrición.

A obriga de pagamento das cotizacións á Mutualidade prescribirá aos catro anos, contados desde a data en que preceptivamente deberon ser ingresadas. A prescrición quedará interrompida polas causas ordinarias e, en todo caso, por calquera actuación administrativa realizada con coñecemento formal do obrigado ao pagamento da cotización conducente á liquidación ou recadación da débeda e, especialmente, por requirimento ao debedor.

Artigo 40. Prelación de créditos.

1. Os créditos por cotizacións individuais á Mutualidade e, se é o caso, as recargas ou xuros que sobre aqueles procedan, gozarán, respecto da totalidade destes, de igual orde de preferencia que os créditos a que se refire o ordinal 1.º do artigo 1924 do Código Civil e o ordinal 2.º do artigo 91 da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.

2. Os demais créditos do mutualismo xudicial gozarán da mesmo orde de preferencia establecida no parágrafo E) do ordinal 2.º do artigo 1924 do Código civil e no ordinal 4.º do artigo 91 da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.

Sección 4.ª Da achega do Estado**Artigo 41. Importe.**

1. O Estado consignará de modo permanente nos seus orzamentos as achegas que anualmente conceda á Mutualidade Xeral Xudicial para o financiamento das prestacións a que se refire o número 1 do artigo 12 do texto refundido, salvo as indicadas nas letras f) e g) do dito número.

2. A contía das achegas estatais determinarase mediante unha porcentaxe calculada sobre os haberes reguladores para efectos de cotización de dereitos pasivos, porcentaxe que se fixará anualmente na Lei de orzamentos xerais do Estado.

3. Estas achegas estatais serán independentes das subvencións mencionadas no número 3 do artigo 22 do texto refundido.

Artigo 42. Procedemento.

1. A achega do Estado farase efectiva á Mutualidade Xeral Xudicial mediante devengos mensuais a partir do mes de xaneiro de cada exercicio, á conta da liquidación definitiva.

2. O procedemento para fixar a contía das entregas a que se refire o número anterior será establecido por orde do ministro de Xustiza, logo de informe do Ministerio de Economía e Facenda.

Artigo 43. Subvención do Estado.

Consignaranse, igualmente, nos orzamentos xerais do Estado, as subvencións precisas para financiar as prestacións sinaladas nas letras f) e g) do número 1 do artigo 12 do texto refundido, así como o déficit, que, se é o caso, se produza no Fondo Especial regulado na disposición adicional terceira do texto refundido.

CAPÍTULO IV**Normas xerais da acción protectora****Sección 1.ª Réxime das prestacións****Artigo 44. Normas reguladoras da acción protectora.**

1. A acción protectora do mutualismo xudicial e os requisitos e condicións exixidos para causar dereito ás prestacións que esta comprende rexeranse polo establecido no

texto refundido, neste regulamento e demais disposicións para a súa aplicación e desenvolvemento.

2. Os formularios relativos ás solicitudes de prestacións están dispoñibles na páxina web oficial da Mutualidade Xeral Xudicial.

As solicitudes pódense presentar e tramitar por medios electrónicos, ademais de nos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 45. *Continxencias protexidas.*

Os mutualistas e, se é o caso, os seus beneficiarios quedan concretamente protexidos, de acordo co establecido no artigo 11 do texto refundido e neste regulamento, nas seguintes continxencias:

- a) Alteración da saúde.
- b) Incapacidade temporal derivada de enfermidade, calquera que fose a causa, ou de accidente común, ou en acto de servizo, ou como consecuencia del, risco durante o embarazo e risco durante a lactación natural.
- c) Incapacidade permanente nos mesmos supostos anteriores.
- d) Cargas familiares.

Artigo 46. *Prestacións.*

As prestacións a que teñen dereito os mutualistas ou os seus beneficiarios, cando se encontren nos supostos de feito legalmente establecidos, son as seguintes:

- a) Asistencia sanitaria.
- b) Subsidio por incapacidade temporal, por risco durante o embarazo e por risco durante a lactación natural.
- c) Prestacións recuperadoras por incapacidade permanente, total, absoluta e grande invalidez, e para a retribución do persoal encargado da asistencia ao grande inválido.
- d) Indemnizacións por lesión, mutilación ou deformidade, de carácter definitivo non invalidante, orixinada por enfermidade profesional ou en acto de servizo ou como consecuencia del.
- e) Prestacións sociais e asistencia social.
- f) Prestacións familiares por fillo a cargo con discapacidade.
- g) Subsidio especial por maternidade ou paternidade nos supostos de parto, adopción ou acollemento múltiples, prestación económica de pagamento único por parto ou adopción múltiples e prestación económica de pagamento único por nacemento ou adopción de fillo en supostos de familias numerosas ou monoparentais e nos casos de nais discapacitadas.

Artigo 47. *Caracteres das prestacións.*

1. As prestacións que comprende a acción protectora do mutualismo xudicial non poderán ser obxecto de retención, sen prexuízo do previsto no número 2 deste mesmo artigo, cesión total ou parcial, compensación ou desconto, salvo nos dous seguintes casos:

- a) Para o cumprimento das pensións compensatorias e obrigas de prestar alimentos impostas a favor do cónxuxe e fillos.
- b) Cando se trate de obrigas contraídas polo beneficiario dentro do mutualismo xudicial.

2. As percepcións derivadas da acción protectora do mutualismo xudicial estarán suxeitas a tributación nos termos establecidos nas normas reguladoras de cada imposto.

3. En materia de embargo, observarase o establecido na Lei de axuízamento civil.

4. Non poderá ser exixida ningunha taxa fiscal, nin dereito de ningunha clase, en cantas informacións ou certificacións deba facilitar a Mutualidade Xeral Xudicial en relación coas prestacións e beneficios a que se refire o artigo anterior.

Artigo 48. Condicións do dereito ás prestacións.

1. Os mutualistas causarán dereito ás prestacións cando, ademais de reuniren os requisitos exixidos para cada unha delas, se encontren en alta na Mutualidade Xeral Xudicial ou en situación asimilada a esta, ao sobrevir a continxencia ou situación protexida.

2. Consideraranse en situación asimilada á de alta, para os efectos de aplicación da acción protectora da Mutualidade Xeral Xudicial, aqueles que optasen por manter a súa situación de alta como mutualistas voluntarios, de acordo co que establece o artigo 11 deste regulamento.

Artigo 49. Recoñecemento do dereito ás prestacións.

1. O recoñecemento do dereito ás prestacións da Mutualidade Xeral Xudicial levarao a cabo o xerente, sen prexuízo das delegacións que se poidan outorgar.

2. O procedemento para o recoñecemento do dereito iniciárase por instancia do interesado, ou do seu representante legal, por si ou por medio de mandatario designado en forma, o cal deberá presentar os documentos e informacións exixidos polas normas aplicables ao procedemento de que se trate, e demais elementos de proba en que fundamentalmente o seu dereito.

3. Non obstante, o procedemento poderase iniciar de oficio, ben sexa excepcionalmente de forma singular ou ben mediante convocatoria aprobada polo xerente da Mutualidade, que especificará os requisitos e condicións para a concesión da prestación de que se trate.

Artigo 50. Adopción de medidas cautelares no mantemento do dereito á percepción das prestacións.

O incumprimento por parte dos beneficiarios ou causantes das prestacións económicas do mutualismo xudicial da obriga de presentar, nos prazos legais establecidos, declaracións preceptivas ou documentos, antecedentes, xustificantes ou datos que non consten na Mutualidade, cando sexan requiridos para isto, así como a incomparecencia, salvo causa xustificada, aos recoñecementos médicos ordenados por ela nos supostos así establecidos, sempre que poidan afectar a conservación do dereito ás prestacións, poderán dar lugar a que a Mutualidade Xeral Xudicial adopte as medidas preventivas necesarias, mediante a suspensión cautelar do aboamento das citadas prestacións, mentres non quede debidamente acreditado por parte dos citados beneficiarios ou causantes que se cumpren os requisitos legais imprescindibles para o mantemento do dereito a estas.

Artigo 51. Sucesión no exercicio dos dereitos.

1. Se, unha vez iniciado de forma regulamentaria un procedemento administrativo para o recoñecemento dalgunha prestación, falecese o interesado durante a súa tramitación e se instase a súa continuación por parte lexítima, ultimarase aquel facendo a declaración que corresponda e aboándose, se é o caso, aos herdeiros por dereito civil as cantidades devengadas.

2. Para os efectos sinalados no número anterior, presumirase iniciado o procedemento de forma regulamentaria na data do feito causante da prestación, se se instase a súa continuación por parte lexítima, nos seguintes supostos:

a) Cando se trate do recoñecemento do dereito ao reintegro, total ou parcial, dos gastos efectivamente realizados polo causante.

b) Cando, iniciada a situación de incapacidade temporal, a de risco durante o embarazo, ou a de risco durante a lactación natural, o causante falecese antes de solicitar o recoñecemento do subsidio correspondente a cada mensuralidade, sempre que non ter solicitado a tempo o recoñecemento non se deba a causa imputable ao causante. En tal caso, os requisitos e efectos serán os sinalados na sección 2.^a do capítulo V deste regulamento.

3. Se falecese o beneficiario dalgunha prestación do mutualismo xudicial, a contía económica en que esta se concrete, devengada e non percibida, aboaráselles aos herdeiros legais, por instancia de parte lexítima. O exercicio da acción por un dos herdeiros redundará en beneficio dos demais que puidesen existir.

4. A solicitude da sucesión no exercicio dos dereitos deberase formular dentro do prazo de cinco anos contados desde o día seguinte ao falecemento do interesado, salvo que se trate da presunción establecida no número 2 deste artigo, caso en que o prazo se contará desde o feito causante da prestación. Transcorrido o dito prazo, entenderase prescrito o dereito.

Artigo 52. *Prescrición do dereito ao recoñecemento das prestacións.*

1. O dereito ao recoñecemento das prestacións prescribirá aos catro anos, contados a partir do día seguinte a aquel en que teña lugar o feito causante da prestación de que se trate, sen prexuízo das excepcións que se indican neste regulamento, e daqueles casos en que se trate de prestacións suxeitas a convocatoria pública con prazos específicos de exercicio que teñan o seu fundamento en limitacións orzamentarias suxeitas a prazos de caducidade.

2. A prescrición interromperase, ademais de pola reclamación ante a Mutualidade Xeral Xudicial, polas causas ordinarias establecidas no artigo 1973 do Código civil.

Artigo 53. *Caducidade do dereito á percepción das prestacións.*

1. O dereito a exixir o pagamento da prestación xa recoñecida caducará ao ano. O prazo contará desde a data de notificación do recoñecemento da prestación.

2. Cando se trate de prestacións periódicas, o dereito á percepción de cada mensuralidade caducará ao ano do seu respectivo vencemento, salvo que se trate de mensuralidades anteriores ao recoñecemento, caso en que, para o cómputo do prazo, se aplicará o disposto no número anterior.

Artigo 54. *Reintegro de prestacións indebidas.*

1. Os mutualistas e as demais persoas que percibisen indebidamente prestacións da Mutualidade Xeral Xudicial, así como os seus habentes dereito, virán obrigados a reintegrar o seu importe, sen prexuízo das responsabilidades doutra orde en que puidesen incurrir.

2. Aqueles que, por acción ou omisión, contribuísen a facer posible a percepción indebida dunha prestación, responderán subsidiariamente cos perceptores, salvo boa fe probada, da obriga de reintegrar que se establece no número anterior, sendo isto de aplicación tanto ao suposto de percepción de prestacións a que o interesado non tivese dereito como ao caso de telas percibido en contía ou contido superior ao debido, conforme as normas reguladoras da prestación de que se trate.

3. Para o reintegro destas prestacións aplicarase, se é o caso, o procedemento de constrinximento a que se refire o artigo 37 deste regulamento.

4. Non se poderá exixir o reintegro do indebidamente percibido sen revisión ou reforma previas do acto ou acordo que dese orixe ao pagamento de tales cantidades.

5. A Mutualidade Xeral Xudicial poderá reformar ou modificar en calquera tempo, mediante acordo motivado, os actos que, estando suxeitos a revisión periódica ou ao cumprimento de determinada condición ou requisitos acordados con carácter provisional, se revele que non reuniron os elementos ou incumpriron as condicións que determinarían

a súa plena eficacia. O carácter revisable, condicional ou provisional dos actos de que se trate debe constar expresamente no propio acto ou estar previsto nunha disposición de carácter xeral. Na tramitación do procedemento garantirase, en todo caso, o dereito de audiencia do interesado.

Artigo 55. Prescrición da obriga de reintegro.

A obriga de reintegro das prestacións indebidamente percibidas prescribirá aos catro anos, contados a partir da data do seu cobramento ou desde que foi posible exercer a acción para exixir a súa devolución, con independencia da causa que orixinou a percepción indebida, incluídos os supostos de revisión das prestacións por erro imputable á Mutualidade Xeral Xudicial.

Artigo 56. Aprazamento e fraccionamento da débeda.

O aprazamento e fraccionamento do pagamento das débedas en relación co mutualismo xudicial rexerese polo disposto no Regulamento xeral de recadación aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo. Correspóndelle ao xerente da Mutualidade a tramitación e resolución das solicitudes formuladas en período voluntario de pagamento, sen prexuízo da delegación que este poida outorgar.

Sección 2.^a Conceptos de continxencias

Artigo 57. Concepto de accidente en acto de servizo.

1. Entenderase por accidente en acto de servizo aquel que se produza con ocasión ou como consecuencia das actividades propias da prestación do servizo á Administración.

2. En todo caso, para a determinación dos supostos de accidentes en acto de servizo observarase o disposto na regulación que, en materia de accidentes de traballo, prevé o réxime xeral da Seguridade Social, sen prexuízo das peculiaridades propias que resulten aplicables derivadas da prestación do servizo público.

Artigo 58. Concepto de enfermidade profesional.

Entenderase por enfermidade profesional a contraída polo mutualista como consecuencia da prestación dos seus servizos á Administración, nas actividades que se especifican nas normas regulamentarias do réxime xeral da Seguridade Social ou outras normas que se diten para o efecto e sempre que estea provocada pola acción de elementos ou substancias determinados nas ditas normas para cada enfermidade profesional.

Artigo 59. Recoñecemento dos dereitos derivados de enfermidade profesional e de accidentes en acto de servizo.

1. O recoñecemento dos dereitos derivados de enfermidade profesional e de accidente en acto de servizo ou como consecuencia del, para os efectos do mutualismo xudicial, realizarao a Mutualidade Xeral Xudicial.

2. O procedemento para o recoñecemento destes dereitos instrumentarase a partir dun expediente dirixido a pescudar as causas que deron lugar ás lesións ou ás circunstancias en que se iniciou a patoloxía, así como a establecer a relación de causalidade entre estas e o servizo ou tarefa desempeñados polo mutualista. O dito expediente, que se iniciará por solicitude do interesado ou de oficio polo órgano competente para expedir, se é o caso, a licenza por enfermidade do funcionario mutualista afectado, será instruído polo dito órgano, conforme as normas que para o efecto se establezan por orde do ministro de Xustiza que determinará, así mesmo, as especificacións que deberá conter o informe resultante da instrución, incluída a posibilidade de que o mencionado órgano leve a cabo actuacións complementarias.

Artigo 60. *Concepto de accidente e enfermidade comúns.*

Consideraranse accidente ou enfermidade comúns as lesións e alteracións da saúde que, con suxeición aos artigos anteriores, non poidan ser cualificadas nin como accidente en acto de servizo nin como enfermidade profesional.

CAPÍTULO V

Prestacións en particular

Sección 1.^a Prestación sanitaria

Artigo 61. *Obxecto e réxime xurídico da prestación sanitaria.*

1. A asistencia sanitaria ten por obxecto a prestación dos servizos médicos, cirúrxicos, hospitalarios e farmacéuticos conducentes a conservar, recuperar ou restablecer a saúde das persoas protexidas por este réxime especial da Seguridade Social, así como, se é o caso, a súa aptitude para o traballo.

2. Proporcionará tamén os servizos convenientes para completar as prestacións médicas e farmacéuticas e, de modo especial, atenderá á rehabilitación precisa para a recuperación profesional das persoas protexidas.

3. A asistencia sanitaria prestarase conforme o establecido nos artigos 16 e 17 do texto refundido, neste regulamento e, no que resulte de aplicación, na Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, na Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde, no Real decreto 1030/2006, do 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde e o procedemento para a súa actualización, e demais normativa sanitaria vixente, e deberase garantir o contido da carteira de servizos do Sistema Nacional de Saúde, así como as garantías sobre accesibilidade, mobilidade, calidade, seguridade, información e tempo recollidas nas ditas normas. O tratamento dos datos de saúde efectuado como consecuencia da asistencia sanitaria someterase ao disposto na Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica, e na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 62. *Continxencias cubertas.*

As continxencias cubertas pola prestación de asistencia sanitaria son as de enfermidade común ou profesional e as lesións causadas por accidente común ou en acto de servizo ou como consecuencia del, sexa por accidente ou por risco específico do cargo, así como o embarazo, o parto e o puerperio, na extensión e termos que se establecen neste regulamento.

Artigo 63. *Persoas protexidas da asistencia sanitaria por enfermidade e accidente comúns.*

1. Son persoas protexidas da asistencia sanitaria por enfermidade e accidente comúns todos os mutualistas incluídos no ámbito de aplicación deste réxime especial, os xubilados mutualistas, así como os beneficiarios de ambos, nos termos que se establecen no artigo 14.

2. Así mesmo, poden ser persoas protexidas da asistencia sanitaria as persoas a que se refire o artigo 15 e que cumpran os requisitos que se indican no mencionado artigo.

Artigo 64. *Persoas protexidas da asistencia sanitaria por accidente en acto de servizo e enfermidade profesional.*

1. Son persoas protexidas da asistencia sanitaria por accidente en acto de servizo e enfermidade profesional os mutualistas en activo que sufran calquera alteración da súa

saúde como consecuencia das continxencias previstas nos artigos 57 e 58 deste regulamento.

2. Os mutualistas a que se refire o número anterior consideraranse, de pleno dereito, en situación de alta para efectos de asistencia sanitaria por accidente en acto de servizo e enfermidade profesional, aínda que non se tramitase a súa alta na Mutualidade Xeral Xudicial.

Artigo 65. Nacemento e efectividade do dereito de asistencia sanitaria.

1. O dereito á asistencia sanitaria nace o día da afiliación ou alta, tanto para o titular como para os seus beneficiarios. Para aqueles familiares ou asimilados cuxa inclusión como beneficiarios se produza nun momento posterior, a efectividade do dereito á asistencia sanitaria producirase na data de solicitude de recoñecemento da súa condición de beneficiarios, salvo no caso do neonato que, con independencia da dita data, terá dereito á asistencia sanitaria que corresponda durante o primeiro mes desde o momento do parto.

2. Para os efectos da excepción indicada no número anterior, equipáranse ao neonato os supostos de adopción ou acollemento, tanto preadoptivo como permanente, computándose o primeiro mes, ben a partir da decisión administrativa ou xudicial de acollemento, ben a partir da resolución xudicial pola que se constituía a adopción.

3. Cando, por calquera circunstancia, non se producise a incorporación á Mutualidade Xeral Xudicial dun membro das carreiras, corpos ou escalas da Administración de xustiza en situación que supoña a condición de mutualista obrigatorio, conforme o establecido neste regulamento, e se ocasionasen gastos de asistencia sanitaria a aquel ou aos seus beneficiarios durante o tempo que transcorra entre a data de efectos da incorporación e a formalización da afiliación á Mutualidade Xeral Xudicial, o mutualista poderá solicitar a esta o reintegro deses gastos.

4. Para recibir a asistencia sanitaria será imprescindible a exhibición dos documentos que determine a Mutualidade Xeral Xudicial.

Artigo 66. Duración da asistencia sanitaria.

A asistencia sanitaria prestarase desde o día en que, reunindo as condicións exixidas para a súa efectividade, sexa solicitada do facultativo correspondente, mentres sexa precisa e concorran os requisitos establecidos para conservar o dereito a recibila.

Artigo 67. Duración da asistencia sanitaria por accidente de servizo ou enfermidade profesional.

Non obstante o disposto nos artigos anteriores, a asistencia sanitaria por accidente en acto de servizo e enfermidade profesional prestaráselle ao afectado desde o momento en que se produza o accidente ou se diagnostique a enfermidade profesional, e durante o tempo que o estado patolóxico producido polas ditas continxencias o requira.

Artigo 68. Contido da asistencia sanitaria por enfermidade e accidente comúns.

A asistencia sanitaria por enfermidade e accidente comúns terá a extensión e alcance determinado ou que se determine no réxime xeral da Seguridade Social e comprenderá:

a) A atención primaria que, con carácter xeral, incluírá a asistencia sanitaria en réxime ambulatorio, domiciliario e de urxencia e os programas preventivos de atención primaria.

b) A atención especializada, que inclúe:

1. A asistencia especializada en réxime ambulatorio e hospitalario, incluíndo o hospital de día e a hospitalización a domicilio, así como a atención de urxencia tanto hospitalaria como extrahospitalaria.

2. A asistencia psiquiátrica en réxime ambulatorio, incluíndo a psicoterapia individual, de grupo ou familiar e a hospitalización en procesos agudos e crónicos.

3. A cirurxía estética sempre que garde relación con accidente, enfermidade ou malformación conxénita.

4. Os programas preventivos de atención especializada.

5. Calquera nova técnica de diagnóstico ou tratamento que se realice con cargo ás administracións sanitarias públicas, nalgún dos centros propios ou concertados do Sistema Nacional de Saúde.

c) A prestación farmacéutica, que inclúe as especialidades farmacéuticas, fórmulas maxistrais, efectos e accesorios farmacéuticos e outros produtos sanitarios, coa extensión determinada para os beneficiarios do réxime xeral da Seguridade Social, nas condicións que se determinan neste regulamento.

d) As prestacións complementarias necesarias para a consecución dunha asistencia sanitaria completa e adecuada, como son:

1. O transporte sanitario.
2. A oxigenoterapia a domicilio
3. Os tratamentos dietoterápicos complexos e as dietas enterais.
4. As prestacións ortoprotésicas.
5. Outras prestacións sanitarias.

e) Calquera outra prestación que se determine no ámbito do réxime xeral da Seguridade Social.

Artigo 69. *Contido da asistencia sanitaria por maternidade.*

A asistencia sanitaria por maternidade comprende:

- a) A preparación para o parto.
- b) A atención en réxime ambulatorio, hospitalario e de urxencia do embarazo, parto e puerperio, así como da patoloxía obstétrica que se poida producir nas ditas situacións.
- c) As prestacións farmacéuticas e complementarias derivadas das ditas continxencias.

Artigo 70. *Contido da asistencia sanitaria por accidente en acto de servizo e enfermidade profesional.*

A asistencia sanitaria por accidente en acto de servizo e enfermidade profesional comprende:

- a) Todos os tratamentos e actuacións sanitarias que se consideren necesarias e co mesmo contido que se especifica no artigo 68 deste regulamento.
- b) A cirurxía estética que garde relación co accidente de servizo ou enfermidade profesional.
- c) Toda clase de próteses e órteses e demais prestacións complementarias que se consideren necesarias en relación co proceso patolóxico derivado do accidente en acto de servizo ou enfermidade profesional.
- d) A prestación farmacéutica, nos termos que se establecen no artigo 79 deste regulamento.

Artigo 71. *Asistencia sanitaria prestada en territorio nacional por medios propios ou concertados.*

1. A asistencia sanitaria facilitaraa a Mutualidade Xeral Xudicial directamente ou por concertos con outras entidades ou establecementos públicos ou privados, preferentemente con institucións da Seguridade Social. Cando a asistencia se facilite mediante concerto, os mutualistas poderán elixir, ben no momento da afiliación ou alta, ben dentro do período

que se sinala para o efecto, a entidade ou establecemento público ou privado a través do cal deban recibir a prestación da dita asistencia.

2. Os concertos estipularán os dereitos e obrigas recíprocos das partes, así como as modalidades, forma, condicións da asistencia e as causas polas que esta se prestará aos beneficiarios con dereito a ela.

Artigo 72. *Asistencia sanitaria prestada por medios alleos.*

1. O beneficiario que, por decisión propia ou dos seus familiares, utilice servizos sanitarios distintos dos que lle correspondan, aboará, sen dereito a reintegro, os gastos que se poidan ocasionar, sen prexuízo do previsto nos números seguintes.

2. Cando a Mutualidade Xeral Xudicial facilite directamente a asistencia sanitaria e o beneficiario utilice servizos sanitarios distintos dos que teña asignados por causa de denegación inustificada de asistencia sanitaria ou por asistencia urxente de carácter vital, competeralle a aquela ditar resolución co fin de proceder, se é o caso, ao reintegro de gastos, sempre que no segundo caso se notifique á Mutualidade o comezo da dita asistencia.

3. Cando un beneficiario estea adscrito a unha entidade aseguradora privada concertada pola Mutualidade Xeral Xudicial, poderá utilizar servizos sanitarios distintos dos da dita entidade nas seguintes circunstancias:

a) Se a asistencia sanitaria solicitada lle foi denegada por parte da dita entidade aseguradora e esta denegación foi inustificada, de acordo co estipulado nos concertos vixentes en cada momento. Neste suposto poderá facer uso de servizos sanitarios distintos dos que lle correspondan e reclamar o reintegro dos gastos ocasionados por estes.

b) Se a utilización deses servizos sanitarios foi debida a unha asistencia urxente de carácter vital. Neste caso o interesado poderá reclamar o reintegro dos gastos ocasionados por esta, sendo indispensable que se notifique o comezo da asistencia sanitaria á entidade aseguradora de adscrición do beneficiario nos prazos, termos e condicións que se establezan nos oportunos concertos.

En caso de discrepancia sobre a procedencia do reintegro nas circunstancias previstas nos dous supostos anteriores, correspóndelle á Mutualidade Xeral Xudicial a súa apreciación e resolución, sen prexuízo dos posibles procedementos de reclamación por parte dos beneficiarios previstos nos respectivos concertos.

4. Non obstante todo o anterior, cando un beneficiario estea adscrito para efectos de asistencia sanitaria a un organismo público e faga uso de servizos sanitarios distintos dos que lle correspondan, estará suxeito ao que a normativa legal e de procedemento do correspondente organismo dispoña para as situacións de utilización de medios alleos, así como ao seu réxime xurisdiccional.

Artigo 73. *Asistencia sanitaria prestada fóra do territorio nacional.*

A utilización de servizos sanitarios no estranxeiro por mutualista con dereito a eles dará dereito, en condicións de equivalencia coa asistencia sanitaria prestada dentro do territorio nacional, á cobertura dos gastos ocasionados con motivo da dita asistencia, nos termos, condicións e formas de xestión que estableza a Mutualidade Xeral Xudicial.

Artigo 74. *Asistencia sanitaria aos mutualistas destinados no estranxeiro.*

1. No caso dos mutualistas destinados no estranxeiro, a Mutualidade Xeral Xudicial establecerá as modalidades de prestación de asistencia sanitaria que lles corresponda a eles e aos seus beneficiarios.

2. A Mutualidade Xeral Xudicial poderá estender a modalidade de asistencia sanitaria establecida no número anterior a outros casos de mutualistas e beneficiarios con residencia no estranxeiro.

Artigo 75. Obrigas de mutualistas e beneficiarios que se despracen ao estranxeiro.

1. Cando un mutualista ou beneficiario se desprace ao estranxeiro por calquera causa deberase informar na Mutualidade Xeral Xudicial das condicións e procedementos que debe seguir para recibir a asistencia sanitaria que poida necesitar no país onde se vaia desprazar, de conformidade cos termos, condicións e formas de xestión que estableza a Mutualidade Xeral Xudicial.

2. Compételle á Mutualidade Xeral Xudicial definir os límites do carácter temporal do desprazamento, así como a documentación que debe presentar para solicitar o reintegro de gastos.

Artigo 76. Contido da prestación farmacéutica.

1. A prestación farmacéutica consiste na dispensación aos beneficiarios de asistencia sanitaria, a través dos procedementos previstos neste regulamento, das especialidades farmacéuticas e outros produtos sanitarios, recoñecidos na lexislación vixente e coa extensión determinada para os beneficiarios do réxime xeral da Seguridade Social. A prestación efectuarase con cargo á Mutualidade Xeral Xudicial e mediante a achega económica dos propios beneficiarios que, se é o caso, corresponda.

2. Quedan excluídos en todo caso da prestación farmacéutica os cosméticos ou produtos de utilización cosmética, dietéticos e produtos de réxime, augas minerais, elixires bucodentais, dentífricos, artigos de confeitaría medicamentosa, xabóns medicinais, especialidades farmacéuticas publicitarias e demais produtos similares, así como todos aqueles que, segundo a normativa sanitaria vixente en cada momento, estean ou sexan excluídos do financiamento con cargo a fondos públicos.

Artigo 77. Prescrición de medicamentos.

1. Dentro do ámbito de aplicación a que se refire o artigo anterior, os facultativos que teñan ao seu cargo a asistencia sanitaria poderán prescribir, de acordo coas instrucións que para o efecto estableza a Mutualidade Xeral Xudicial, calquera especialidade farmacéutica, fórmulas maxistras, efectos e accesorios farmacéuticos e outros produtos sanitarios recoñecidos pola lexislación sanitaria vixente que sexan convenientes para a recuperación da saúde dos seus pacientes.

2. A prescrición efectuarase no modelo de receita oficial establecido pola Mutualidade Xeral Xudicial e con suxeición ao previsto no Real decreto 1718/2010, do 17 de decembro, de receita médica e ordes de dispensación, nas súas modificacións posteriores e demais normas de desenvolvemento.

Artigo 78. Dispensación de medicamentos.

1. A dispensación de medicamentos efectuarase:

a) A través dos establecementos sanitarios aos cales corresponda a prestación da asistencia sanitaria ou por outros medios das entidades ou establecementos públicos ou privados responsables da dita asistencia, sempre de acordo co establecido no artigo 103 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, e no artigo 19 da Lei 29/2006, do 26 de xullo, de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios.

b) Nos supostos non recollidos na letra anterior, directamente pola Mutualidade ou a través das oficinas de farmacia legalmente establecidas. Para este fin, a Mutualidade Xeral Xudicial poderá celebrar os oportunos concertos que establecerán a forma e condicións de facturación e pagamento en que se efectuará a dispensación.

2. A dispensación dos medicamentos estranxeiros cuxa importación fose autorizada polo Ministerio de Sanidade e Política Social e Igualdade efectuarase a través do procedemento que este estableza para o efecto.

3. A dispensación poderase someter ao cumprimento dos requisitos previos que estableza a Mutualidade Xeral Xudicial e efectuarase de acordo coa normativa sanitaria vixente e, en especial, coa Lei 29/2006, do 26 de xullo, de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios.

Artigo 79. Tipo de achega económica.

1. A dispensación de medicamentos será gratuíta nos seguintes supostos:

a) Tratamentos que se realicen nos establecementos sanitarios e demais medios previstos na letra a) do número 1 do artigo anterior.

b) Medicamentos que deban ser subministrados polos servizos de farmacia hospitalaria.

c) Tratamentos que teñan a súa orixe en accidente en acto de servizo ou enfermidade profesional. Neste último caso, se se aboase algún importe, procederá o seu reintegro.

2. Nos demais casos, os beneficiarios participarán no pagamento dos medicamentos e demais produtos sanitarios aboando un 30 por cento do seu prezo de venda ao público, sen prexuízo daqueles supostos en que a normativa sanitaria vixente estableza outra cantidade porcentual ou un tope máximo de participación na dispensación.

3. Estas porcentaxes e contías poderán ser revisadas polo Goberno, por proposta do ministro de Xustiza, logo de informe dos ministerios de Economía e Facenda, de Traballo e Inmigración, e de Sanidade e Política Social e Igualdade.

Artigo 80. Talonarios de receitas.

1. A conservación, custodia e utilización dos talonarios de receitas médicas é responsabilidade do mutualista.

2. A perda ou subtracción dos talonarios de receitas, esta última debidamente denunciada, comunicarase inmediatamente á Mutualidade Xeral Xudicial, con solicitude do oportuno xustificante de que se efectuou a denuncia.

3. A conservación, custodia e utilización dos talonarios de receitas para estupefacientes e psicótropos axustarase ao cumprimento das obrigas particulares establecidas na súa lexislación específica.

Artigo 81. Control e seguimento do consumo de medicamentos.

1. A Mutualidade Xeral Xudicial coidará de que a prescrición e dispensación de medicamentos se efectúe de acordo cos criterios básicos de uso racional recollidos na Lei 29/2006, do 26 de xullo, de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios.

2. Para tal fin, promoverá a realización, con carácter periódico, das actuacións necesarias para a detección de indicios racionais de consumo abusivo de medicamentos e da utilización de receitas por encima dos límites estimados como usuais.

3. Sen prexuízo das medidas concretas que, en cada caso, proceda adoptar, se da investigación practicada se deducise algún tipo de responsabilidade penal porase, para os efectos procedentes, en coñecemento do Ministerio Fiscal.

Sección 2.^a Prestacións por incapacidade temporal e por risco durante o embarazo ou a lactación natural

Artigo 82. Situación de incapacidade temporal.

1. Os funcionarios en activo comprendidos no ámbito de aplicación deste regulamento que obtivesen licenzas por enfermidade ou accidente que impidan o normal

desempeño das súas funcións e reciban asistencia sanitaria para a súa recuperación, consideraranse en situación de incapacidade temporal.

2. Así mesmo, encontrárase na dita situación o persoal en activo comprendido no ámbito de aplicación deste regulamento que obtivese licenza como consecuencia de encontrarse en período de observación médica en caso de enfermidade profesional.

3. Terá a mesma consideración e efectos que a incapacidade temporal a situación da funcionaria que obtivese licenza por risco durante o embarazo ou durante a lactación natural de fillos menores de nove meses.

No suposto de encontrarse a mutualista en situación de incapacidade temporal, quedará esta interrompida en caso de iniciarse calquera destas últimas situacións de risco.

4. Non teñen a consideración de incapacidade temporal os permisos ou licenzas por parto, adopción ou acollemento, tanto preadoptivo como permanente, establecidos, en cada caso, nas normas que regulen a súa concesión segundo a carreira, corpo ou escala a que pertenza o interesado. Se ao finalizar o permiso por parto continuase a imposibilidade da mutualista de incorporarse ao traballo, iniciaranse as licenzas que dan lugar á incapacidade temporal.

Artigo 83. *Actuacións dos órganos de persoal.*

1. A concesión das licenzas ao persoal funcionario e o seu control corresponderá ben ao Ministerio de Xustiza, ben ás comunidades autónomas, segundo teñan transferidos os medios persoais e materiais. No relativo aos membros da carreira xudicial, a concesión e o seu control recaerá ben no presidente do tribunal superior de xustiza correspondente ou ben no Consello Xeral do Poder Xudicial. No relativo aos membros da carreira fiscal, de conformidade co establecido no artigo 72 do Regulamento orgánico do Estatuto do Ministerio Fiscal, a concesión e o seu control recaerá no Ministerio de Xustiza. No relativo aos letrados de carreira que integran o corpo de letrados do Tribunal Constitucional, a concesión e o control das licenzas recaerá na autoridade ou órgano a que se refira a normativa específica do Tribunal Constitucional.

2. En calquera momento en que se prevea que a enfermidade ou lesión por accidente impedirá definitivamente o desempeño das funcións públicas, o órgano de xubilación competente iniciará, de oficio ou por instancia do interesado, o procedemento de xubilación por incapacidade permanente para o servizo. Mediante orde ministerial estableceranse os mecanismos necesarios para coordinar as actuacións da Mutualidade e as do órgano de xubilación.

Artigo 84. *Duración da situación de incapacidade temporal.*

1. A duración máxima da situación de incapacidade temporal derivada de enfermidade ou lesión por accidente e os períodos de observación por enfermidade profesional, incluída a das prórrogas que resulten procedentes, será a prevista no artigo 128 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social ou disposición que o substitúa.

2. Os períodos de observación referidos no número 2 do artigo 82 terán unha duración máxima de seis meses, prorrogables por outros seis cando se considere necesario para o estudo e diagnóstico da enfermidade.

3. Para efectos de cómputo de prazos, considerarase que existe nova enfermidade cando o proceso patolóxico sexa diferente e, en todo caso, cando se interrompesen as licenzas por un período de actividade profesional superior a un ano. As distintas e sucesivas patoloxías darán dereito ao inicio dun novo período de incapacidade temporal que, se é o caso, porá fin ao que estivese en curso.

4. A duración da licenza inicial concederase polo tempo que o facultativo considerase como previsible para a curación polo período que se estableza, en cada caso, na norma que regule a súa concesión segundo a carreira, corpo ou escala a que pertenza o enfermo. Se o estado de enfermidade persistise, a licenza inicial prorrogarase

automaticamente na forma que determine o órgano de persoal competente en cada caso para a súa concesión, e quedará sen efecto se con anterioridade se produce a curación.

5. Os períodos de recaída que concorran na situación de incapacidade temporal computaranse para efectos da duración máxima desta. Entenderase que existe recaída e, por tanto, non se inicia unha nova situación de incapacidade temporal, cando o mutualista cuxa licenza por enfermidade conclúese volva necesitar asistencia sanitaria e estar incapacitado para o servizo dentro do prazo dun ano desde que se produciu a conclusión da dita licenza por enfermidade e como consecuencia do mesmo proceso patolóxico que determinou a súa anterior incapacidade ou dun proceso similar.

6. Os períodos de observación previos ao diagnóstico computaranse para efectos da duración da incapacidade temporal, tanto se o diagnóstico médico confirma a existencia dunha enfermidade profesional, como se se trata dunha enfermidade común. Ao finalizar o prazo máximo establecido para a duración da incapacidade temporal, incluídas as prórrogas, o beneficiario pasará á situación que proceda.

7. O proceso patolóxico ou período de observación acreditarase mediante un parte médico de baixa, que será expedido por facultativo dependente da entidade ou, se é o caso, do servizo público de saúde a que figure adscrito o mutualista para efectos de asistencia sanitaria.

Artigo 85. *Extinción da situación de incapacidade temporal.*

1. A situación de incapacidade temporal extínguese:

- a) Polo transcurso dos prazos máximos establecidos no artigo anterior, incluídas as prórrogas, se procede.
- b) Pola incomparecencia inustificada a exames e recoñecementos médicos.
- c) Pola finalización da licenza por enfermidade que estivese en curso.
- d) Pola declaración de xubilación por incapacidade permanente para o servizo.
- e) Pola xubilación forzosa ou voluntaria do mutualista.
- f) Polo falecemento do mutualista.

2. Cando a situación de incapacidade temporal se extinga polo transcurso do prazo máximo establecido, procederase ao seu exame nos termos e prazos establecidos no réxime xeral da Seguridade Social co obxecto da correspondente cualificación do estado do funcionario como incapacitado con carácter permanente para as funcións propias do seu corpo ou escala e declaración de xubilación por incapacidade permanente para o servizo.

3. Non obstante o previsto no parágrafo anterior, naqueles casos en que, continuando a necesidade de tratamento médico, pola expectativa de recuperación ou a mellora do estado do funcionario con vistas á súa reincorporación ao servizo, a situación clínica do interesado fixese aconsellable demorar a citada cualificación e así o ditaminasen os órganos competentes para avaliar, cualificar e revisar a incapacidade, da provincia en que aquel teña o seu domicilio, en informe razoado sobre a capacidade ou incapacidade do funcionario, a dita cualificación poderase atrasar polo período preciso, que en ningún caso poderá superar os 730 días seguintes á data en que se iniciase a situación de incapacidade temporal.

Artigo 86. *Prestación económica.*

Na situación de incapacidade temporal, o mutualista terá os seguintes dereitos:

- a) Durante os seis primeiros meses, terá dereito á percepción da totalidade das retribucións previstas nas leis e regulamentos aplicables segundo a súa respectiva carreira, corpo e escala e, en especial, na Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, na Lei 15/2003, do 26 de maio, reguladora do réxime retributivo das carreiras xudicial e fiscal, no Real decreto 1130/2003, do 5 de setembro, polo que se regula o réxime retributivo do corpo de secretarios xudiciais, no Real decreto 2033/2009, do 30 de

decembro, polo que se determinan os postos tipo adscritos ao corpo de secretarios xudiciais para efectos do complemento xeral de posto, a asignación inicial do complemento específico e as retribucións por substitucións que impliquen o desempeño conxunto doutra función, e no Real decreto 1033/2007, do 20 de xullo, polo que se determinan os postos tipo das unidades que integran as oficinas xudiciais e outros servizos non xurisdicionais e as súas correspondentes valoracións para efectos do complemento xeral de posto dos funcionarios ao servizo da Administración de xustiza, así como, no que corresponda, nas normas de desenvolvemento das anteriores leis e regulamentos.

b) Desde o sétimo mes e mentres dure esa situación, terá dereito á percepción das retribucións básicas e, se é o caso, da prestación por fillo a cargo e dun subsidio por incapacidade temporal a cargo da Mutualidade Xeral Xudicial, de contía fixa e invariable, que se calculará de conformidade co establecido neste regulamento.

Artigo 87. Beneficiarios do subsidio por incapacidade temporal.

Son beneficiarios do subsidio por incapacidade temporal os mutualistas en activo que se encontren na dita situación.

Artigo 88. Nacemento e duración do dereito ao subsidio.

1. O dereito ao subsidio por incapacidade temporal nace a partir do día en que finalice o prazo de seis meses a que se refire a letra a) do artigo 86 deste regulamento.

2. O subsidio aboarao a Mutualidade Xeral Xudicial mentres o beneficiario se encontre en situación de incapacidade temporal e durante a prórroga dos efectos desta situación.

Artigo 89. Extinción do dereito ao subsidio.

O dereito ao subsidio por incapacidade temporal extínguese:

a) Polas causas establecidas nas letras b), c), d), e) e f) do número 1 do artigo 85 deste regulamento.

b) Por deixar de reunir os requisitos exixibles para ser beneficiario da prestación.

c) Por inicio dunha nova situación de incapacidade temporal.

d) En todo caso, polo esgotamento da duración máxima a que se refire o número 1 do artigo 84 deste regulamento.

Artigo 90. Denegación, anulación e suspensión do dereito ao subsidio.

1. O dereito ao subsidio por incapacidade temporal poderá ser denegado, anulado ou suspendido:

a) Cando o beneficiario actuase fraudulentamente para obter ou conservar a dita prestación.

b) Cando o beneficiario traballe por conta propia ou allea durante a situación de incapacidade temporal.

c) Cando o beneficiario, sen causa razoable, rexeite ou abandone o tratamento que lle foi indicado.

2. Nestes casos, a Mutualidade Xeral Xudicial dará traslado da resolución ditada ao órgano de persoal que concedeu a licenza, para todos os efectos que puidesen proceder.

Artigo 91. Contía do subsidio.

1. A contía do subsidio por incapacidade temporal será fixa e invariable mentres dure esa situación e consistirá na maior das dúas cantidades seguintes:

a) O 80 por 100 das retribucións básicas (soldo e trienios), incrementados na sexta parte dunha paga extraordinaria, correspondentes ao primeiro mes de licenza.

b) O 75 por 100 das retribucións complementarias devengadas no primeiro mes de licenza.

2. Consideraranse devengadas no primeiro mes de licenza aquelas retribucións básicas e complementarias que deban ser imputadas ao dito mes en virtude de disposición ou acto administrativo que así o recoñeza, con independencia do momento en que se produza a súa percepción. Non se considerarán retribucións complementarias, para estes efectos, as retribucións complementarias variables do persoal incluído no ámbito de aplicación deste regulamento.

3. Se se acreditasen retribucións complementarias con periodicidade superior á mensual, para o cálculo do subsidio imputarase ao mes en que se iniciou a primeira licenza a parte alícuota que corresponda das ditas retribucións.

4. A suma da contía íntegra do subsidio e das retribucións básicas que perciba o interesado non poderá exceder o importe das percepcións totais íntegras que o funcionario tivese no primeiro mes de licenza.

5. Naqueles casos en que a licenza non comprenda un mes natural completo, o importe do subsidio será a parte proporcional equivalente aos días da súa concesión.

Artigo 92. *Réxime de incompatibilidades do subsidio por incapacidade temporal.*

1. O subsidio por incapacidade temporal con cargo á Mutualidade Xeral Xudicial será único e incompatible con calquera outro que se puidese xerar, pola mesma relación de servizos, con cargo a calquera réxime público da Seguridade Social.

2. Aplicaranse, para efectos de incompatibilidades, as prescricións efectuadas respecto á incapacidade temporal no artigo 5.2 da Lei 35/1995, do 11 de decembro, de axudas e asistencia ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual.

Artigo 93. *Situación de risco durante o embarazo ou durante a lactación natural.*

1. Segundo se establece no número 3 do artigo 82 deste regulamento, a situación da mutualista que obtivese licenza por risco durante o embarazo ou durante o período de lactación natural de fillo menor de nove meses terá a mesma consideración e efectos que a incapacidade temporal.

2. Consideraranse situacións de risco durante o embarazo e durante a lactación natural aquelas en que se encontra a muller funcionaria, incluída no ámbito do mutualismo xudicial, nos supostos en que debendo cambiar de posto de traballo por outro compatible co seu estado, nos termos previstos nos números 3 e 4, respectivamente, do artigo 26 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, o dito cambio de posto non resulta regulamentaria, técnica ou obxectivamente posible ou non se poida razoablemente exixir por motivos xustificadas.

3. Non obstante, no caso das funcionarias que se consideren incapacitadas temporalmente por obteren licenza por risco durante o embarazo ou a lactación natural dun fillo menor de nove meses, a prestación económica equivalente ao subsidio por incapacidade temporal consistirá nun subsidio a cargo da Mutualidade Xeral Xudicial en contía igual, durante todo o tempo que dure esa situación, ao 100 por cento das retribucións complementarias devengadas no primeiro mes da licenza.

4. A situación de risco durante o embarazo finalizará cando conclúa a última licenza pola dita continxencia, xa porque comece o permiso regulamentario por parto, xa porque se produza a reincorporación da interesada á súa función habitual ou a outra compatible co seu estado, ou xa pola declaración da situación de incapacidade temporal. A prestación por risco durante a lactación natural finalizará no momento en que o fillo cumpra nove meses, salvo que a beneficiaria se incorporase con anterioridade á súa función habitual ou a outra compatible coa súa.

Sección 3.ª Prestacións por incapacidade permanente, grande invalidez e lesións permanentes non invalidantes

Artigo 94. Incapacidade permanente.

1. O mutualista en activo incluído no réxime de clases pasivas do Estado que, por diminución psicofísica ou funcional, quedase incapacitado para o desempeño da función e pasase á situación de xubilado, terá dereito, ata que cumpra a idade en que procedería a súa xubilación forzosa, a unha prestación mensual equivalente ao vinte por cento das retribucións básicas ordinarias percibidas o último mes en activo, que se actualizará en igual porcentaxe que a que, sucesivamente, se aprobe para as pensións de clases pasivas do Estado. Aboaranse, anualmente, dúas pagas extraordinarias do mesmo importe que a prestación mensual que se recoñeza, nos meses que se dispoña para o persoal en activo.

2. O mesmo dereito terán os mutualistas que, conforme o disposto no artigo 20 do Real decreto lei 13/2010, estean incluídos no réxime xeral da Seguridade Social e se lles recoñecese a incapacidade permanente total para a profesión habitual ou absoluta para todo traballo, con independencia das prestacións obtidas polo réxime xeral da Seguridade Social.

3. A idade de xubilación forzosa será a que estea establecida legalmente para cada corpo ou escala, sen que se poida recoñecer a prestación cando a xubilación por incapacidade permanente se producir durante a prolongación da permanencia no servizo activo.

Artigo 95. Grande invalidez.

Entenderase por grande invalidez a situación do mutualista xubilado que, por consecuencia de perdas anatómicas ou funcionais, necesita a asistencia doutra persoa para os actos máis esenciais da vida, tales como vestirse, desprazarse, comer ou análogos.

Artigo 96. Declaración e revisión da grande invalidez.

1. A declaración e a revisión da grande invalidez do persoal incluído no ámbito de aplicación deste regulamento e no de réxime de clases pasivas do Estado que fose declarado xubilado é competencia da Mutualidade Xeral Xudicial, logo de solicitude de ditame preceptivo e vinculante aos órganos competentes para avaliar, cualificar e revisar a incapacidade, radicados na provincia en que teña o seu domicilio o interesado.

2. A data do feito causante da grande invalidez ten que terse producido con anterioridade á data en que o mutualista fixese a idade fixada legalmente para a xubilación forzosa dos membros da súa carreira, corpo ou escala, conforme o disposto na normativa reguladora do réxime da Seguridade Social que lles sexa de aplicación.

3. A revisión da declaración da grande invalidez pódese efectuar como consecuencia dunha melloría nas reducións anatómicas ou funcionais que deron orixe á grande invalidez ou por erro de diagnóstico, mentres o mutualista se encontre nalguna das circunstancias temporais relacionadas no anterior número 2, e sempre que transcorrese o prazo indicado na resolución pola que se declarou a grande invalidez.

En caso de rehabilitación do mutualista na súa condición de funcionario, por desaparición da causa que motivou a xubilación por incapacidade permanente para o servizo, o dereito á prestación de grande invalidez extinguirase automaticamente, cos efectos da dita rehabilitación.

4. No suposto de terse desestimado unha solicitude de declaración de grande invalidez e que se produza un agravamento nas reducións anatómicas ou funcionais sobre as cales versou tal solicitude, non se poderá instar novamente a dita declaración ata que non transcorra o prazo que se indique, para tal efecto, na resolución desestimatoria.

5. As resolucións que se diten en asuntos de declaración e de revisión da grande invalidez serán motivadas e sinalarán o prazo a partir do cal se poderá formular a modificación da situación establecida por elas.

O dito prazo quedará sen efecto no caso de que o novo procedemento se basee en reducións anatómicas ou funcionais distintas das que motivaron a resolución anterior, así como nos supostos en que se producise erro de diagnóstico.

Artigo 97. *Recoñecemento, anulación, suspensión e extinción do dereito á prestación.*

1. Corresponderá á Mutualidade Xeral Xudicial o recoñecemento, anulación e suspensión do dereito ás prestacións derivadas da grande invalidez.

2. O dereito ás prestacións derivadas da grande invalidez poderá ser anulado ou suspendido:

a) Cando o beneficiario actuase fraudulentamente para obter ou conservar o dereito a elas.

b) Cando o beneficiario, sen causa razoable, rexeitase ou abandonase os tratamentos procedentes.

3. O dereito ás prestacións derivadas da grande invalidez extinguirase:

a) Por revisión da situación.

b) Por exercicio da opción efectuada polo beneficiario en caso de incompatibilidade con outras prestacións a que puidese ter dereito.

c) Por falecemento do beneficiario.

Artigo 98. *Prestación económica por grande invalidez.*

O mutualista xubilado incluído no réxime de clases pasivas do Estado que sexa declarado grande inválido terá dereito a unha prestación vitalicia, destinada a remunerar a persoa encargada da súa asistencia, constituída pola prestación establecida no artigo 94 deste regulamento, incrementada cunha cantidade mensual equivalente ao corenta por cento das retribucións básicas ordinarias percibidas o último mes en activo, que se actualizará anualmente coas porcentaxes aprobadas para as pensións de clases pasivas e se percibirá en doce mensualidades ordinarias e dúas extraordinarias nos meses que se dispoña para o persoal en activo.

Artigo 99. *Efectos económicos da prestación por grande invalidez.*

1. Se a existencia da grande invalidez concorre no momento da xubilación, a prestación por grande invalidez aboarase cos efectos económicos da dita pensión.

No suposto de que o recoñecemento da grande invalidez se instase unha vez transcorridos cinco anos desde o día seguinte á recepción da notificación relativa á declaración de xubilación para o servizo, os efectos económicos da prestación de grande invalidez produciranse a partir do día primeiro do mes seguinte ao de presentación da solicitude.

2. Cando a grande invalidez non concorre no momento da xubilación, os seus efectos económicos produciranse o día primeiro do mes seguinte á data de presentación da solicitude de recoñecemento da grande invalidez.

No caso de que o ditame do órgano de valoración competente acredite como data de consolidación da patoloxía que deu orixe á grande invalidez unha que sexa anterior á de presentación da solicitude de recoñecemento da incapacidade permanente, os efectos económicos da prestación retrotraeranse, como máximo, ao primeiro día do terceiro mes anterior á data de presentación da dita solicitude.

3. Se o recoñecemento da grande invalidez non se puidese efectuar, por causa imputable ao interesado, dentro dos cinco anos contados a partir do día da presentación da solicitude, os efectos económicos da prestación de grande invalidez produciranse a

partir do día primeiro do mes seguinte á data en que o interesado emendase os defectos imputables a el.

Artigo 100. *Réxime de incompatibilidades.*

1. A prestación económica para a remuneración da persoa encargada da asistencia ao grande inválido será incompatible con calquera outra prestación ou pensión dirixida á mesma finalidade, outorgada por un réxime público da Seguridade Social.

A dita prestación non se outorgará ao persoal incluído no réxime xeral da Seguridade Social.

2. Non obstante, non existirá incompatibilidade cando o interesado causase pensión por incapacidade permanente para o servizo neste réxime especial e outra, de carácter equivalente, noutro réxime público da Seguridade Social, e en ambos tivese dereito a que lle fose recoñecido o grao de grande invalidez.

Artigo 101. *Lesións permanentes non invalidantes.*

1. As lesións, mutilacións e deformidades de carácter definitivo, causadas por enfermidade profesional ou en acto de servizo ou como consecuencia del, por accidente ou risco específico do cargo, que sen chegar a causar a xubilación por incapacidade permanente do mutualista, supoñan unha diminución ou alteración da integridade física deste, darán dereito á percepción, por unha única vez, dunha indemnización consistente nunha cantidade a tanto global.

2. O recoñecemento, a cualificación e o aboamento da indemnización, se é o caso, das lesións permanentes non invalidantes do persoal incluído no ámbito de aplicación deste regulamento é competencia da Mutualidade Xeral Xudicial.

3. Para a cualificación da lesión, mutilación ou deformación e para a fixación da indemnización, a Mutualidade Xeral Xudicial aplicará o baremo establecido para o réxime xeral da Seguridade Social, logo de expediente, ao cal se xuntarán os distintos informes médicos, tanto de servizos externos como internos da Mutualidade, así como o informe resultante do expediente a que se refire o artigo 59.2 deste regulamento.

4. Se como consecuencia dun accidente en acto de servizo ou dunha enfermidade profesional se producisen lesións ou deformidades das reguladas neste artigo, que sexan totalmente independentes das que produciron as reducións anatómicas ou funcionais que foron tomadas en consideración para declarar a xubilación por incapacidade permanente para o servizo, a indemnización que corresponda polas referidas lesións ou deformidades será compatible coa pensión orixinada pola dita incapacidade permanente e, se é o caso, coa prestación para a remuneración da persoa encargada da asistencia ao grande inválido do mutualismo xudicial.

5. Sen prexuízo do establecido no artigo 52 deste regulamento respecto ao prazo xeral de prescrición do dereito ao recoñecemento ás prestacións, nos casos de recoñecemento da indemnización por lesións permanentes non invalidantes, ese prazo comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que as lesións, mutilacións ou deformidades alcanzaron o carácter de definitivas.

Sección 4.^a Prestacións sociais e asistencia social

Artigo 102. *Prestacións sociais.*

1. Enténdese por prestacións sociais o conxunto de medidas protectoras deste réxime especial, que atenden situacións ordinarias de necesidade non cubertas por outras prestacións.

2. Esas medidas protectoras incluírán, entre outras, as seguintes prestacións sociais:

- a) Asistencia a xubilados.
- b) Prestación de axuda por gastos de enterro.

c) Programas sociosanitarios.

3. A acción protectora deste réxime especial poderá incluír calquera outra prestación social que se preste por medio dos servizos da Seguridade Social ou que, non comprendidos nos puntos anteriores, estean establecidos no sistema da Seguridade Social.

4. A incorporación das prestacións sociais a que se refire o número anterior determinarase por orde do Ministerio de Xustiza, na cal se regulará o seu alcance e réxime financeiro, logo de informe favorable do Ministerio de Economía e Facenda.

Artigo 103. *Asistencia ao xubilado.*

1. Os mutualistas que se xubilen con carácter forzoso por razón de idade e que, no momento da xubilación, se encontren en situación de servizo activo, servizos especiais ou excedencia voluntaria por coidado de familiares ou por razón de violencia de xénero, causarán dereito a un subsidio de xubilación a cargo da Mutualidade Xeral Xudicial.

Así mesmo, os mutualistas que, encontrándose no momento da xubilación nalgunha das situacións administrativas previstas no parágrafo anterior, se xubilen por incapacidade permanente para o servizo, causarán dereito ao subsidio de xubilación ao chegar á data de cumprimento da idade de xubilación forzosa.

Considérase idade de xubilación forzosa a prevista como tal nos respectivos regulamentos orgánicos das distintas carreiras, corpos e escalas e nas súas normas específicas de xubilación, sen que, para estes efectos, teña incidencia ningunha o previsto nos artigos 67.3 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, e 492.3 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, que posibilitan a permanencia no servizo activo daqueles funcionarios que voluntariamente o desexen ata que cumpran, como máximo, os setenta anos.

2. A prestación económica consistirá nunha cantidade que ascenderá ao 200% das retribucións básicas da última mensualidade completa percibida en activo polo mutualista.

3. O prazo de presentación da solicitude será de seis meses a partir do día seguinte a aquel en que teña lugar a xubilación. Transcorrido este prazo producirase a prescrición do dereito.

Artigo 104. *Prestación social de axuda por gastos de enterro.*

1. O falecemento dun titular de documento de afiliación, sexa ou non mutualista, así como o dun beneficiario incluído nel, causará dereito á percepción, por unha única vez, dunha axuda económica destinada a contribuír a sufragar os gastos de enterro.

A contía da prestación e os requisitos exixidos para a súa concesión fixaranse, tendo en conta as dispoñibilidades orzamentarias e logo de informe favorable do Ministerio de Economía e Facenda, por resolución do xerente da Mutualidade Xeral Xudicial que se publicará no «Boletín Oficial del Estado».

2. Serán perceptores da axuda por gastos de enterro:

a) No caso de falecemento do titular por dereito propio, as persoas que a continuación se relacionan, segundo a seguinte orde de preferencia excluínte:

1.º o seu cónxuxe viúvo non separado xudicialmente,

2.º os fillos do mutualista falecido incluídos como beneficiarios no seu documento de afiliación, e

3.º a persoa que acredite que aboou os gastos de enterro.

b) No caso de falecemento do titular non mutualista, a persoa que acredite que aboou os gastos de enterro.

c) No caso de falecemento dun beneficiario, o titular do documento de afiliación en que figure incluído aquel.

3. Nos supostos en que corresponda a prestación á persoa que se fixo cargo dos gastos de enterro, a axuda consistirá no reintegro de tales gastos co límite previsto en cada caso.

4. O prazo de presentación da solicitude será o que se determine na correspondente resolución do xerente da Mutualidade, de forma que, transcorrido sen terse efectuado esta, producírase a prescrición do dereito.

Artigo 105. *Programas sociosanitarios.*

1. Os programas sociosanitarios dirixíranse a atender as necesidades de persoas maiores, persoas con discapacidade, drogodependentes, así como outras persoas en situación de dependencia.

Tales programas poderanse modificar en función das demandas sociais do conxunto de afiliados e beneficiarios da Mutualidade Xeral Xudicial.

2. A modificación dos programas, a concreción das modalidades, as condicións específicas de acceso a eles, o número de axudas dentro de cada un deles, así como as contías correspondentes, determinaranse de acordo co crédito consignado para tal fin no orzamento da Mutualidade Xeral Xudicial para cada exercicio económico, mediante a oportuna convocatoria pública, que se efectuará por resolución do xerente da Mutualidade Xeral Xudicial que se publicará no «Boletín Oficial del Estado».

Artigo 106. *Incompatibilidades das prestacións sociais.*

Sen prexuízo do réxime xeral de incompatibilidades e do particular que se estableza nas normas de desenvolvemento, as prestacións sociais outorgadas pola Mutualidade Xeral Xudicial serán incompatibles coas dispensadas ou financiadas con fondos públicos, sempre que estean destinadas á mesma finalidade e exista coincidencia en canto ao suxeito e feito causante.

Artigo 107. *Asistencia social.*

1. A Mutualidade Xeral Xudicial establecerá un fondo de asistencia social, dentro das súas limitacións e das previsións orzamentarias, que se dedicará a atender aquelas situacións e estados de necesidade en que se poidan encontrar os mutualistas ou os seus beneficiarios.

2. Poderán ser perceptores das axudas a que se refire este artigo os mutualistas titulares e os seus beneficiarios.

3. O recoñecemento e a duración destas axudas determinaranse para cada caso por resolución do xerente sen que esta implique consolidación de ningún dereito a continuar percibíndoas con carácter periódico.

Artigo 108. *Incompatibilidades da asistencia social.*

Sen prexuízo do réxime xeral de incompatibilidades e do particular que se estableza nas normas de desenvolvemento, as axudas do Fondo de Asistencia Social outorgadas pola Mutualidade Xeral Xudicial serán incompatibles, polo menos, no tramo da súa contía que resulte coincidente coas dispensadas ou financiadas con fondos públicos, sempre que estean destinadas á mesma finalidade e exista coincidencia en canto a suxeito e feito causante.

Sección 5.ª Prestacións de protección á familia

Artigo 109. *Clases de prestacións de protección á familia.*

1. A Mutualidade Xeral Xudicial, no ámbito de protección á familia, outorgará prestacións de pagamento periódico e prestacións de pagamento único.

2. As prestacións de pagamento periódico son as prestacións familiares por fillo a cargo con discapacidade.

3. As prestacións de pagamento único son as seguintes:

a) Subsidio especial por maternidade ou paternidade nos supostos de parto, adopción ou acollemento múltiples.

b) Prestación económica de pagamento único por parto ou adopción múltiples.

c) Prestación económica de pagamento único por nacemento ou adopción de fillo en supostos de familias numerosas ou monoparentais e en casos de nais discapacitadas.

Artigo 110. *Prestación por fillo a cargo con discapacidade.*

1. A prestación por fillo a cargo con discapacidade recoñecerase nos mesmos termos e condicións que os previstos para o réxime xeral da Seguridade Social, e corresponderalle á Mutualidade Xeral Xudicial, no ámbito do seu colectivo, o recoñecemento do dereito a ela e a súa xestión.

2. Cando se trate dalgunha prestación familiar por discapacidade diferente das mencionadas no artigo 21 do texto refundido e recoñecida pola Mutualidade Xeral Xudicial, cuxa contía fose superior á que se recoñecese para o mesmo beneficiario de acordo co número anterior, aquela manterá o seu exceso e este irase absorbendo cos aumentos que se produzan na prestación por fillo a cargo con discapacidade.

Artigo 111. *Subsidio especial por maternidade ou paternidade no suposto de acollemento, adopción ou parto múltiple.*

1. Os mutualistas, nos casos de maternidade por parto múltiple ou de acollemento preadoptivo ou permanente múltiple ou de paternidade ou maternidade por adopción múltiple, terán dereito a un subsidio na contía sinalada no artigo 113 deste regulamento.

2. Causarán este subsidio:

a) Os fillos nados no mesmo parto, cando o seu número sexa igual ou superior a dous.

b) Os menores que, de maneira concorrente, fosen adoptados ou acollidos, tanto na súa modalidade preadoptiva como permanente, sempre que o seu número sexa igual ou superior a dous e que a súa idade non supere os seis anos ou que, se superasen esa idade, sexan menores desde o punto de vista legal e se encontren nalgún destes supostos: que sexan persoas con discapacidade ou que polas súas circunstancias e experiencias persoais ou por provir do estranxeiro, teñan especiais dificultades de inserción social e familiar debidamente acreditadas polos servizos sociais competentes.

3. Considérase data do feito causante a do parto. No caso de adopción, a da resolución xudicial pola que se constitúe esta e, en caso de acollemento, tanto preadoptivo como permanente, a da decisión administrativa ou xudicial pola que se establece o acollemento.

Artigo 112. *Beneficiarios do subsidio.*

1. En caso de parto múltiple, poderán ser beneficiarios tanto a nai como o pai, de acordo coa opción escollida pola nai, sempre que ambos os proxenitores sexan mutualistas.

2. Nos casos de adopción ou acollemento múltiples, o beneficiario do subsidio será decidido libremente por ambos os adoptantes ou acolledores, sempre que ambos sexan mutualistas e teñan dereito a tal subsidio. En caso de falta de acordo, será beneficiaria a nai.

3. Tanto nun como noutro suposto, deberase manifestar expresamente quen será beneficiario cando un dos proxenitores teña a consideración de mutualista da Mutualidade Xeral Xudicial e o outro poida ter dereito ao subsidio a través dalgún réxime público da Seguridade Social.

4. Poderá ser tamén beneficiario do subsidio o pai, adoptante ou acolledor, que sexa mutualista, nos seguintes supostos:

a) Cando a nai, adoptante ou acolledora, non teña dereito ao subsidio a través dalgún réxime público da Seguridade Social.

b) Cando se producise o falecemento da nai, adoptante ou acolledora, antes de que ela solicitase o subsidio ou manifestase a súa opción a favor do pai, adoptante ou acolledor. Neste suposto, o pai, adoptante ou acolledor deberase comprometer a non exercer tal dereito en nome da falecida.

5. O dereito a ser beneficiario deste subsidio non se verá limitado pola situación administrativa en que se encontre o mutualista.

Artigo 113. *Contía do subsidio.*

A contía do subsidio será a cantidade resultante de multiplicar por 42 o haber regulador para a determinación das pensións de clases pasivas que estea establecido na Lei de orzamentos xerais do Estado do ano da data do feito causante correspondente ao índice multiplicador do corpo a que pertenza o mutualista, dividindo pola súa vez ese resultado por 365. O produto multiplicarase polo número de fillos, a partir do segundo, que nazan nun mesmo parto ou de menores adoptados ou acollidos simultaneamente.

Artigo 114. *Prestación económica de pagamento único por parto ou adopción múltiple.*

1. En caso de parto ou adopción múltiple, a Mutualidade Xeral Xudicial outorgará unha prestación económica de pagamento único, na contía que figura no artigo 116 deste regulamento.

2. Son causantes desta prestación as persoas que se indican no número 2 do artigo 111 deste regulamento, con excepción dos menores acollidos, tanto en réxime preadoptivo como permanente.

3. Considérase data do feito causante a do parto e, no caso de adopción, a da resolución xudicial pola que se constitúe esta.

Artigo 115. *Beneficiarios da prestación.*

1. Será beneficiario un só dos pais ou adoptantes, que deberá ser mutualista na data do feito causante.

2. Se ambos os pais reúnen os requisitos necesarios e conviven, será beneficiario o que eles designen de común acordo, o que se manifestará mediante declaración expresa no momento da solicitude. Na falta de acordo, será beneficiaria a nai e, de non concorrer a circunstancia de convivencia, será beneficiario o que teña ao seu cargo a garda e custodia dos fillos.

3. Cando os suxeitos causantes sexan orfos de pai e nai ou estean abandonados, será beneficiario quen legalmente se deba facer cargo deles.

Artigo 116. *Contía da prestación.*

1. A contía da prestación económica por parto ou adopción múltiple determinarase mediante a aplicación da táboa seguinte:

N.º de fillos causantes	N.º de veces do importe mensual de salario mínimo interprofesional
2	4
3	8
4 e máis	12

2. O importe do salario mínimo interprofesional será o vixente na data do feito causante.

Artigo 117. *Normas xerais para as prestacións de adopción ou parto múltiple.*

1. O pagamento dunha ou, se é o caso, de ambas as axudas económicas, farase efectivo nun único aboamento.

2. As dúas axudas económicas nos casos de adopción ou parto múltiple, causadas polos mesmos suxeitos, son compatibles entre si. Así mesmo, ambas as axudas son compatibles, se é o caso, coas prestacións por fillo a cargo con discapacidade que poidan corresponder.

3. O mesmo feito causante dará lugar, exclusivamente, a percibir, por unha soa vez, cada un dos tipos de axudas económicas nos casos de adopción ou parto múltiple, tanto con cargo a este réxime especial como a calquera outro réxime do sistema da Seguridade Social.

Artigo 118. *Prestación económica de pagamento único por nacemento ou adopción de fillo en supostos de familias numerosas ou monoparentais e nos casos de nais discapacitadas.*

A prestación recoñecerase nos mesmos termos e condicións que os previstos para o réxime xeral da Seguridade Social, e correspóndelle á Mutualidade Xeral Xudicial, no ámbito do seu colectivo, o recoñecemento do dereito a ela e a súa xestión.

CAPÍTULO VI

Normas estatutarias da Mutualidade Xeral Xudicial

Sección 1.^a Natureza e normativa aplicable

Artigo 119. *Natureza e normativa aplicable.*

1. A Mutualidade Xeral Xudicial é un organismo público con personalidade xurídica pública diferenciada, patrimonio e tesouraría propios, así como autonomía de xestión nos termos establecidos para os organismos autónomos na Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado. Como tal organismo, depende do Ministerio de Xustiza, ao cal lle corresponde a súa dirección estratéxica e a avaliación e control dos resultados da súa actividade.

2. A Mutualidade Xeral Xudicial, de acordo co establecido no artigo 5 do texto refundido do 23 de xuño de 2000, rexerase en canto ao réxime económico-financeiro, patrimonial, orzamentario, contable e ao de intervención e control financeiro das prestacións, así como no referente ao réxime de concertos para a prestación dos servizos de asistencia sanitaria e farmacéutica, polo mesmo texto refundido, polas normas regulamentarias que, coma esta, o desenvolvan, pola Lei xeral orzamentaria nas materias en que sexa de aplicación e, supletoriamente, pola Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

Sección 2.^a Réxime económico

Artigo 120. *Patrimonio da Mutualidade.*

As cotas, bens, dereitos, accións e recursos de calquera outra clase da Mutualidade Xeral Xudicial constitúen o seu patrimonio, distinto do patrimonio do Estado, o cal estará afecto ao cumprimento dos fins que lle son propios.

Artigo 121. *Recursos económicos.*

Para o cumprimento dos seus fins, os recursos económicos da Mutualidade Xeral Xudicial estarán constituídos por:

- a) As achegas económicas do Estado a que se refire a letra b) do número 2 do artigo 21 deste regulamento.
- b) As cotas dos mutualistas.
- c) As subvencións estatais e aqueloutros recursos de natureza pública que lle correspondan conforme a normativa vixente.
- d) Os bens e valores que constitúen o patrimonio da entidade.
- e) Os bens, dereitos e accións das mutualidades integradas no Fondo Especial da Mutualidade Xeral Xudicial.
- f) Os froitos, rendas, xuros e calquera outro produto dos seus bens patrimoniais.
- g) Calquera outro recurso privado que se obteña para o cumprimento dos seus fins.

Artigo 122. *Sistema financeiro.*

1. O sistema financeiro da Mutualidade Xeral Xudicial é o de repartición e, a súa cota, revisable periodicamente.

2. Nos casos en que a natureza das prestacións o requira, constituiranse, así mesmo, fondos de nivelación e de garantía para cubrir posibles déficits de cotización ou en casos anormais de sinistralidade.

3. Os fondos de nivelación e garantía e calquera outro que non se deba destinar de modo inmediato ao cumprimento de obrigas regulamentarias poderán ser investidos de forma que se coordinen as finalidades de carácter social coa obtención da maior rendibilidade compatible coa seguridade do investimento e unha liquidez en grao adecuado ás finalidades que aquelas deban atender.

4. O ministro de Xustiza, logo de informe do Ministerio de Economía e Facenda, propondrá ao Consello de Ministros as normas que, con rango de real decreto, deban ser promulgadas para o investimento de tales fondos.

Sección 3.^a Réxime orzamentario, contable, de intervención e de control

Artigo 123. *Orzamentos.*

1. Dentro do ámbito dos orzamentos xerais do Estado, a Mutualidade Xeral Xudicial elaborará o anteproxecto de orzamento, de conformidade coas normas xerais na materia, ordenándose os créditos orgánica e funcionalmente, segundo a clasificación económica vixente, recollendo as dotacións necesarias para cubrir a acción protectora e os medios necesarios para levala a cabo, e os gastos fianciaranse cos recursos económicos descritos no artigo 121 deste regulamento.

2. O réxime orzamentario da Mutualidade Xeral Xudicial regúlase polo disposto na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e nas súas normas de desenvolvemento, sen prexuízo das súas posibles peculiaridades en canto ás normas sobre gastos, pagamentos, intervención e contabilidade, para cuxo fin o Ministerio de Economía e Facenda, a Intervención Xeral da Administración do Estado e o Ministerio de Xustiza, con informe favorable daquel departamento ministerial, ditarán as normas oportunas no exercicio das competencias que en cada caso teñan atribuídas.

Artigo 124. *Tesouraría.*

Os ingresos e pagamentos que deba realizar a Mutualidade Xeral Xudicial canalizaranse a través das contas abertas no Banco de España, conforme o establecido na Lei 13/1994, do 1 de xuño, de autonomía do Banco de España, e noutras entidades de crédito, coas cales se considere necesario contratar a prestación de servizo, para o cumprimento dos fins propios da Mutualidade. Destas contratacións, que se levarán a cabo mediante procedemento negociado cun mínimo de tres ofertas e sen necesidade de exixir prestación de garantía definitiva, así como da apertura das contas resultantes, darase conta á Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira.

Artigo 125. *Créditos ampliáveis.*

Considéranse ampliáveis, na contía resultante das obrigas que se recoñezan e liquiden segundo as disposicións en cada caso aplicables, os créditos que, afectos ao ámbito de xestión do mutualismo xudicial, se especifiquen como tales nas leis anuais de orzamentos xerais.

Artigo 126. *Operacións de crédito a curto prazo.*

A Mutualidade Xeral Xudicial, dentro dos límites fixados no seu orzamento e con autorización do Goberno, por proposta do ministro de Xustiza e logo de informe do Ministerio de Economía e Facenda, poderá convir operacións de crédito a curto prazo e de tesouraría. Estas últimas deberán quedar canceladas no período de vixencia do orzamento.

Artigo 127. *Gastos de administración.*

Os créditos para gastos de administración da Mutualidade Xeral Xudicial non poderán exceder o 5% dos recursos económicos previstos para o exercicio económico correspondente.

Artigo 128. *Contas anuais.*

A Mutualidade Xeral Xudicial formará e renderá as súas contas de acordo cos principios e normas de contabilidade recollidos no Plan Xeral de Contabilidade Pública e nas súas normas de desenvolvemento, así como nas disposicións xerais contidas para o efecto na Lei xeral orzamentaria.

Sección 4.ª Réxime de contratación

Artigo 129. *Contratación.*

1. O réxime da contratación da Mutualidade Xeral Xudicial axustarase ao disposto para os organismos autónomos na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, coa particularidade que se prevé no número 3 seguinte, de acordo co establecido no número 2 do artigo 5 do texto refundido, respecto ao réxime de concertos para a prestación dos servizos de asistencia sanitaria e farmacéutica.

2. O xerente da Mutualidade Xeral Xudicial é o órgano de contratación do organismo e está facultado para celebrar no seu nome os contratos no ámbito da súa competencia, sen prexuízo, se é o caso, das autorizacións que resulten procedentes de acordo coa Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

3. A prestación de servizos asistenciais por entidades públicas, sociedades médicas, colexios farmacéuticos e outras entidades ou empresas, que sexan precisos para o cumprimento dos fins da acción protectora da Mutualidade Xeral Xudicial, calquera que sexa o seu importe e a modalidade que revistan (convenios, concertos, pólizas ou outras modalidades análogas), convirase de forma directa entre a Mutualidade e a entidade correspondente, con informe previo da Avogacía do Estado do Ministerio de Xustiza e da Intervención Delegada no organismo sobre o proxecto de convenio, concerto, póliza ou documento en que consten as condicións de prestación.

Sección 5.ª Adquisición, administración e disposición dos bens patrimoniais

Artigo 130. *Normativa aplicable.*

A adquisición, administración e disposición dos bens patrimoniais rexeranse polo disposto nesta sección e, no non previsto nela, pola Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, e polas súas normas de desenvolvemento.

Artigo 131. *Adquisición a título oneroso dos bens inmobles.*

A adquisición a título oneroso de bens inmobles pola Mutualidade Xeral Xudicial para o cumprimento dos seus fins efectuarase, logo de informe favorable do Ministerio de Economía e Facenda, mediante concurso público, salvo que, concorrendo as circunstancias previstas no artigo 116.4 da Lei do patrimonio das administracións públicas, o ministro de Xustiza autorice a adquisición directa.

Artigo 132. *Arrendamentos e outras formas de explotación de bens.*

Os arrendamentos de bens inmobles que deba efectuar a Mutualidade Xeral Xudicial para a instalación dos seus servizos, así como os contratos para a explotación dos seus bens patrimoniais, adxudicaranse por concurso público, salvo naqueles casos, previstos na Lei do patrimonio das administracións públicas, en que o ministro de Xustiza autorice a contratación en forma directa.

Artigo 133. *Alleamento de bens inmobles.*

1. A alleamento dos bens inmobles da Mutualidade Xeral Xudicial levarase a cabo conforme as seguintes normas:

a) Declaración de alienabilidade e acordo de alleamento dos bens: a Mutualidade Xeral Xudicial poderá allear os seus bens propios cando resulten innecesarios para o cumprimento dos seus fins, logo de informe da Comisión Permanente da Mutualidade Xeral Xudicial e declaración de alienabilidade e acordo de alleamento adoptado polo ministro de Xustiza. Cando o valor dos bens exceda a contía determinada no artigo 135 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, a autorización de venda dos bens inmobles será aprobada polo Consello de Ministros.

b) Depuración física e xurídica dos bens: antes de proceder ao seu alleamento realizarase a depuración física e xurídica dos inmobles que se pretendan allear.

c) Comunicación ao Ministerio de Economía e Facenda: con carácter previo ao seu alleamento, a Mutualidade Xeral Xudicial comunicará a declaración de alienabilidade do inmovible ao Ministerio de Economía e Facenda, que poderá optar por incorporar os bens ao patrimonio do Estado para afectalos a calquera outro servizo da Administración ou dos seus organismos públicos. Transcorridos tres meses desde a notificación ao Ministerio de Economía e Facenda sen recibir contestación, entenderase que o dito ministerio non opta por incorporar os bens ao patrimonio do Estado.

d) Taxación dos bens: antes de proceder ao alleamento de calquera ben inmovible será imprescindible a realización dunha taxación pericial, ben por servizos técnicos da Administración ou, excepcionalmente, por servizos externos de taxación. A aprobación da taxación correspóndelle ao xerente da Mutualidade Xeral Xudicial.

2. Os procedementos de alleamento serán o concurso, a poxa pública, a permuta e o alleamento directo, que serán aplicables de acordo coa normativa vixente.

3. Nas vendas directas de inmobles, así como nas vendas realizadas por poxa, poderase admitir o pagamento aprazado de prezo de venda, por período non superior a 10 anos, nas condicións que se determinan na Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, e nas súas disposicións de desenvolvemento.

CAPÍTULO VII

Recursos e réxime xurisdiccional

Artigo 134. *Recursos e réxime xurisdiccional.*

1. Os actos e resolucións ditados en materia de mutualismo xudicial polo xerente da Mutualidade Xeral Xudicial, ou polos órganos que actúen por delegación súa, non porán

fin á vía administrativa, e serán susceptibles de recurso de alzada ante o ministro de Xustiza ou ante o órgano en quen este delegue, conforme o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Esgotada a vía administrativa, poderanse impugnar en vía xudicial conforme a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

2. Exceptúanse do disposto no número anterior e, en todo caso, porán fin á vía administrativa, as resolucións a que se refiren as letras a) e b) do artigo 109 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e as ditadas en materia de persoal polo xerente da Mutualidade. Nestes supostos, procederá o recurso de reposición, con carácter potestativo, cando corresponda, e o contencioso-administrativo conforme a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

3. O recurso extraordinario de revisión poderase interpor na forma que determina o artigo 118 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. As reclamacións previas, en asuntos civís e laborais, serán resoltas polo xerente da Mutualidade Xeral Xudicial.

Artigo 135. *Prazos para resolver e notificar.*

1. Os actos e resolucións en materia de mutualismo xudicial deberanse producir dentro dos prazos que, para resolver e notificar, se establecen para cada un dos procedementos nas normas vixentes, para cuxo fin terá carácter informativo para os interesados a publicación oficial da relación de procedementos da Administración xeral do Estado.

2. En caso de non ditarse resolución expresa, a solicitude poderase entender estimada ou desestimada segundo os efectos previstos nas leis para o silencio administrativo e sinalados na publicación a que se refire o número anterior.

CAPÍTULO VIII

Infraccións e sancións

Artigo 136. *Disposicións xerais.*

1. De conformidade co preceptuado no artigo 44 da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, as infraccións e sancións en materia de seguridade social que deben rexer no ámbito do mutualismo xudicial serán as previstas neste regulamento, de acordo coa predeterminación establecida no texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto. A competencia para sancionar as infraccións cometidas no dito ámbito corresponderalles aos órganos que se sinalan no número 3 deste artigo.

2. Os mutualistas e beneficiarios comprendidos no ámbito de aplicación deste réxime especial, así como o persoal da Mutualidade Xeral Xudicial que estea obrigado a actuar en materia de mutualismo xudicial, serán responsables das accións ou omisións a eles imputables que constitúan infracción segundo se establece nos artigos seguintes.

3. Son órganos competentes para sancionar as condutas infractoras dos mutualistas e beneficiarios:

a) O ministro de Xustiza, por proposta da Mutualidade Xeral Xudicial, para as infraccións moi graves.

b) O secretario de Estado de Xustiza, por proposta, así mesmo, da Mutualidade Xeral Xudicial, para as infraccións graves.

c) O xerente da Mutualidade, para as infraccións leves.

4. O réxime disciplinario do persoal ao servizo da Mutualidade Xeral Xudicial será o que legalmente resulte aplicable segundo a Administración de procedencia.

Artigo 137. *Infraccións dos mutualistas e beneficiarios.*

1. De conformidade co establecido no artigo 24 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, consideraranse infraccións leves:

- a) Non facilitar á Mutualidade Xeral Xudicial, cando se sexa requirido para isto, os datos necesarios para a afiliación ou a alta.
- b) Non comunicar as alteracións que en relación cos datos indicados na letra anterior se producisen e, en xeral, o incumprimento dos deberes de carácter informativo.

2. De acordo co artigo 25 do texto refundido indicado no número anterior, consideraranse infraccións graves:

- a) Efectuar traballos por conta propia ou allea durante a percepción de prestacións, cando exista incompatibilidade legal ou regulamentariamente establecida.
- b) Non comparecer, salvo causa xustificada, aos recoñecementos médicos que resulten procedentes, así como non presentar os antecedentes, xustificantes ou datos que non consten na Mutualidade, cando se sexa requirido para isto e afecten o dereito á continuidade na percepción da prestación, sen que a Mutualidade poida acceder a eles directamente.
- c) Non comunicar, salvo causa xustificada, as baixas nas prestacións no momento en que se produzan situacións determinantes de suspensión ou extinción do dereito, ou cando se deixen de reunir os requisitos para o dereito á súa percepción, cando por calquera das ditas causas se percibise indebidamente a prestación.

3. De acordo co artigo 26 do texto refundido, consideraranse infraccións moi graves:

- a) Actuar fraudulentamente co fin de obter prestacións indebidas ou superiores ás que correspondan; ou prolongar indebidamente o seu desfrute mediante a achega de datos ou documentos falsos.
- b) Simular a situación administrativa en que se encontra o funcionario.
- c) Omitir declaracións legalmente obrigatorias ou outros incumprimentos que poidan ocasionar percepcións fraudulentas.

Artigo 138. *Sancións aos mutualistas e beneficiarios.*

1. As infraccións sancionaranse da seguinte forma:

- a) As leves, con perda da prestación, subsidio ou pensión ata un mes.
- b) As graves, con perda da prestación, subsidio ou pensión ata un período de tres meses.
- c) As moi graves, con perda da prestación ata un período de seis meses ou coa súa extinción. Igualmente, poderase excluír o sancionado do dereito a percibir calquera prestación económica por un período de ata un ano.

2. A sanción procedente en cada un dos supostos anteriormente enumerados graduarase tendo en conta as circunstancias que concorran na infracción, así como, se é o caso, a reincidencia.

3. A Mutualidade Xeral Xudicial poderá acordar a suspensión cautelar da prestación ata que a resolución administrativa que impoña a sanción sexa definitiva, no suposto de que a transgresión das obrigas afecten o cumprimento e a conservación dos requisitos que dan dereito á prestación.

4. As sancións a que se refire este artigo enténdense sen prexuízo do reintegro das cantidades indebidamente percibidas.

Artigo 139. *Infraccións do persoal ao servizo das administracións públicas que actúen en materia de mutualismo xudicial.*

1. Cando se trate de infraccións presuntamente cometidas polo persoal ao servizo das administracións públicas que estea obrigado a actuar en materia de mutualismo xudicial, a Mutualidade Xeral Xudicial comunicarállelo aos órganos da Administración pública ou organismo de destino do funcionario para a determinación da responsabilidade conseguinte e, se é o caso, proposición ao órgano competente que corresponda, segundo a relación establecida no número 3 do artigo 136 deste regulamento, da sanción que proceda.

2. De acordo co establecido no artigo 21 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, consideraranse infraccións leves:

a) Non conservar, durante catro anos, a documentación ou os rexistros ou os soportes informáticos en que se transmitiron os correspondentes datos que acrediten o cumprimento das obrigas en materia de afiliación, altas, baixas ou variacións que, se é o caso, se producen en relación coas ditas materias, así como os documentos e recibos xustificativos do ingreso das cotizacións.

b) Non comunicar no tempo establecido as baixas, así como as demais variacións que afecten a situación administrativa dos funcionarios incluídos neste réxime especial.

c) Non facilitar á Mutualidade Xeral Xudicial os datos, certificacións e declaracións que se estea obrigado a proporcionar, ou omitilos, ou consignalos inexactamente.

3. De conformidade co establecido no artigo 22 do texto refundido citado no punto anterior, consideraranse infraccións graves:

a) Non comunicar en tempo e forma a afiliación inicial ou a alta dos funcionarios incluídos neste réxime especial.

b) Non ingresar, na forma e prazo procedentes, as cotas correspondentes ou non efectuar o ingreso na contía debida, sempre que a falta de ingreso non obedeza a unha situación extraordinaria.

4. De acordo co establecido no artigo 23 do citado texto refundido, consideraranse infraccións moi graves:

a) Reter indebidamente, non ingresándoa dentro do prazo, a cota da Mutualidade Xeral Xudicial descontada aos funcionarios, ou efectuar descontos, non ingresándoos, superiores aos legalmente establecidos.

b) Falsear documentos para que os mutualistas ou beneficiarios obteñan ou desfruten fraudulentamente das prestacións.

c) Efectuar declaracións ou consignar datos falsos ou inexactos nos documentos de cotización que ocasionen deducións fraudulentas das cotas que haxa que satisfacer á Mutualidade Xeral Xudicial.

d) Non facilitar á Mutualidade Xeral Xudicial os datos identificativos de titulares de prestacións económicas, así como, en canto determinen ou condicionen o dereito a percibilas, os dos beneficiarios, cónxuxes e outros membros da unidade familiar, ou os dos seus importes.

Artigo 140. *Procedemento.*

1. Para a aplicación das sancións previstas neste capítulo a mutualistas e beneficiarios, seguirase o procedemento sancionador previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nas súas normas de desenvolvemento.

2. Para as sancións por infraccións do persoal ao servizo das administracións públicas que actúen en materia de mutualismo xudicial será de aplicación a vixente lexislación en materia disciplinaria, tendo en conta o sinalado no número 1 do artigo 139.

3. O previsto nos números anteriores entenderase sen prexuízo dos procedementos que se deban seguir en ámbitos xurisdicionais.

Artigo 141. *Recursos e prescripción.*

1. Contra as resolucións ditadas nos procedementos sancionadores e disciplinarios poderanse interpor os recursos administrativos e xurisdicionais que legalmente procedan.

2. Para a prescripción de infraccións e de sancións de mutualistas e beneficiarios observarse o disposto no procedemento sancionador previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e, se se trata de infraccións do persoal ao servizo das administracións públicas que actúen en materia de mutualismo xudicial, aplicarase a prescripción prevista no procedemento disciplinario ou xurisdicional que corresponda á Administración pública a que pertenza o suxeito responsable.

Disposición adicional primeira. *Fondo Especial.*

1. Sen prexuízo do disposto nas respectivas regulamentacións, ás pensións e demais prestacións das mutualidades integradas no Fondo Especial da Mutualidade Xeral Xudicial seranlles de aplicación, con carácter supletorio e no que resulte procedente, as normas xerais da acción protectora contidas neste regulamento.

2. A Mutualidade Xeral Xudicial poderá solicitar aos titulares de pensións do Fondo Especial a xustificación daqueles aspectos que orixinan a aptitude legal para a percepción das ditas pensións, e poderá acordar a suspensión do seu pagamento no suposto de non recibir adecuada contestación ao seu requirimento.

Disposición adicional segunda. *Beneficiarios colexiados en colexios profesionais.*

Para os efectos do disposto no artigo 14, número 2, letra c), deste regulamento, entenderase que están protexidos por título distinto aqueles que exerzan a opción de pertencer a unha mutualidade de previsión social, de acordo co previsto na disposición adicional décimo quinta, número 1, parágrafo terceiro, da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, sempre que a dita mutualidade preste equivalente cobertura de asistencia sanitaria, e que o profesional colexiado a contratase.

Disposición adicional terceira. *Membros das carreiras, corpos e escalas da Administración de xustiza que exercesen o dereito de transferencia á Unión Europea para efectos de dereitos pasivos.*

Os membros das carreiras, corpos e escalas da Administración de xustiza que causasen baixa na Mutualidade Xeral Xudicial como consecuencia de exerceren o dereito de transferencia establecido no artigo 11.2 do anexo VIII do Estatuto dos funcionarios das Comunidades Europeas, aprobado polo Regulamento 259/1968 do Consello, do 29 de febreiro, causarán alta obrigatoria na Mutualidade Xeral Xudicial, cando pasen a unha situación administrativa das mencionadas no artigo 10 deste regulamento.

Disposición adicional cuarta. *Réxime das prestacións familiares por discapacidade a extinguir e outras.*

As prestacións familiares por discapacidade diferentes das mencionadas na sección 5.^a do capítulo V deste regulamento manteranse co carácter de a extinguir. Tales prestacións serán compatibles, se é o caso, coas axudas económicas nos casos de parto ou adopción múltiple, definidas tamén no capítulo V, cando ambas as prestacións puidesen concorrer. Tamén se manterán co carácter de a extinguir os dereitos, calidades

e situacións recoñecidas conforme a anterior normativa que se vexan afectados polas normas que se establecen neste regulamento.

Disposición adicional quinta. *Cesión de datos entre a Mutualidade Xeral Xudicial e as comunidades autónomas.*

1. Co fin de manter actualizados os datos identificativos do colectivo da Mutualidade Xeral Xudicial, as comunidades autónomas que teñen competencias sobre o persoal ao servizo da Administración de xustiza informarán mensualmente esta Mutualidade da situación do persoal da Administración de xustiza incluído no campo de aplicación do mutualismo xudicial xestionado por elas, sen que, en ningún caso, se poidan remitir datos relacionados coa saúde das persoas.

2. Coa mesma periodicidade, as comunidades autónomas e a Mutualidade Xeral Xudicial intercambiarán a información correspondente aos colectivos que, en virtude dos concertos subscritos para o efecto con institucións da Seguridade Social, reciban asistencia sanitaria a través dos servizos de saúde de cada comunidade autónoma, coas mesmas prevencións establecidas no número anterior.

3. Os datos que se proporcionen en virtude do disposto nesta disposición adicional serán obxecto das medidas de seguridade previstas na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, sobre protección de datos de carácter persoal, e nas súas normas de desenvolvemento.

Disposición adicional sexta. *Tramitación e obtención dos partes de incapacidade temporal, risco durante o embarazo ou risco durante a lactación natural por medios electrónicos.*

A Mutualidade Xeral Xudicial estudará a posibilidade de establecer un sistema de expedición, por medios electrónicos, dos partes de incapacidade temporal, risco durante o embarazo ou risco durante a lactación natural.